

Territorio, paisaxe e identidade

Santiago de Compostela
xaneiro 2007



FOROS DO instituto de
estudos das
identidades

Museo do Pobo Galego



instituto de
estudos das
identidades



Museo do Pobo Galego

SANTIAGO DE COMPOSTELA, XANEIRO 2007

O Instituto de Estudos das Identidades do Museo do Pobo Galego fai constar o agradecemento ao patrocinador do foro, Construcións Otero Pombo. S.A. Este recoñecemento esténdese a título persoal ao presidente da empresa, don Xosé Otero Pombo, que nos honrou coa súa presenza e participación activa na sesión recapitulativa do foro, formulando valiosas contribucións desde a súa experiencia e acreditado criterio no eido da construción e a intervención no territorio.

Patrocinadores

Construcións Otero Pombo S.A.
Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Deporte
Dirección Xeral de Patrimonio cultural

Edición

Xerardo Estévez Fernández
María Xosé Fernández Cerviño

© dos textos, os respectivos autores
© desta edición, Museo do Pobo Galego

Deseño

Permuy Asociados

Impresión

ISBN 978-84-88508-40-9

D.L. -----

FOROS DO instituto de
estudos das
identidades

Territorio, paisaxe e identidade

Santiago de Compostela
xaneiro 2007

Índice

- 2 Agradecemento
- 5 Presentación
- 7 Conclusións
- 11 Contribucións ao foro
- 55 Currículos

En maio de 2005 o Padroado do Museo do Pobo Galego decidiu crear o **Instituto de Estudos das Identidades**[®] (IEI), como un departamento do propio Museo. Entre os fins do IEI está o de establecer e desenvolver liñas de investigación e de intervención sociocultural nos diferentes ámbitos que lle son propios ao Museo, con especial atención ao estudo interdisciplinar da identidade galega e da súa interrelación ou comparación con outras identidades. Ao mesmo tempo, preténdese contribuír ao estudo e á formulación de posibles solucións para aqueles problemas que teñan especial relevancia social, estimular a colaboración estable de novos investigadores e técnicos no marco do Museo, e promover a formación en xestión cultural.

En consecuencia con estes fins, o IEI propónse organizar de forma periódica unha serie de foros de debate sobre temas de actualidade.

O primeiro destes foros, baixo o título **Territorio, Paisaxe e Identidade**, desenvolveuse durante o mes de xaneiro de 2007 e concluíu o 3 de febreiro cunha sesión aberta ao público. No foro someteuse a debate a visión tradicional do territorio e a paisaxe e as modificacións que se están a operar na súa realidade física e na súa percepción social. Partindo de aspectos da realidade como a rápida modificación da paisaxe urbana e rural tanto no seu aspecto físico como no sociocultural e na dimensión simbólica, preténdese chegar a unha formulación do valor da paisaxe e do territorio como elementos constitutivos dese complexo que damos en chamar a identidade galega e das vías axeitadas para a súa proxección de cara ao futuro.

No presente documento preséntanse as conclusións do foro xunto cos materiais de debate.

CONCLUSIÓNS

1. Identidade de pasado, identidade de futuro

O que os humanos somos e aspiramos a ser, o que a educación e a cultura que recibimos foi inculcando en nós, as apostas que facemos polo futuro que temos diante, os modelos de vida que a sociedade nos vende como atractivos, etc., etc., todo iso xunto, é o que constitúe a *identidade* das persoas.

O problema está en que, a día de hoxe, as galegas e galegos temos serias dificultades tanto no que se refire á vivencia da identidade como á súa conceptualización. A nivel de teóricos e opinadores, as ideas acerca da identidade móvense entre dúas posicións extremosas. Dunha banda, os que apostan por unha especie de mercado desregulado da identidade, no sentido de que, ao defender que non poden existir *identidades colectivas*, isto é, identidades dos pobos, baseándose no argumento de que o único que existe na realidade son persoas individuais, cada un de nós construíría a súa ao seu xeito, como se a identidade fora unha cuestión exclusiva da esfera privada. No outro extremo, os que defenden que cada pobo ten a súa particular identidade colectiva e esta é tan importante que o único que lle queda aos individuos é aceptala ou rexeitala en bloque como se aceptan ou rexeitan os mandamentos dunha relixión.

Mentres a primeira das posicións, no máis puro estilo dos intereses do mercado transnacional, ao que aspira é a disolver as identidades grupais ou étnicas e substituílas por unha identidade global, a segunda, a máis de tentar subsumir aos individuos no grupo, no sentido de que se pretende que aspiren a identificarse co colectivo, propón un modelo de identidade de país ancorada no pasado con escasa capacidade de atracción sobre a cidadanía.

Construír unha identidade colectiva como pobo pode e debe facerse desde unha dobre argumentación, que faga compatible a defensa do que somos (unha historia, uns costumes, etc.) e o proxecto común do que temos que ser, da tarefa que queremos emprender xuntos.

2. Paisaxe, territorio e identidade

Se a paisaxe ten moito que ver coa identidade é porque se trata de moito máis ca dunha simple realidade física; é moito máis ca o substrato material do territorio. A paisaxe é o rostro do territorio, é dicir, a proxección dunha sociedade nun espazo determinado e por iso ten unha dobre dimensión material e simbólica, cultural.

A paisaxe esperta en nós sentimentos e emocións ao contemplala e estes sentimentos, estas emocións, teñen moito que ver coa nosa vida: a paisaxe é importante e relevante porque, aínda que por veces non sexamos conscientes diso, dela depende, en boa medida, a nosa calidade de vida. A percepción cotiá dunha paisaxe banal, caótica, fea, que perdeu a súa razón de ser, a súa identidade, o seu discurso, a súa personalidade, acaba por nos converter –tamén a nós– en seres humanos máis mediocres, máis insensibles, menos dotados para gozar da beleza e da vida. Por iso o Consello de Europa, a través do Convenio Europeo da Paisaxe¹, fala por primeira vez na historia do “dereito á paisaxe”, isto é, do dereito da cidadanía a gozar dunhas paisaxes agradables, harmónicas, non degradadas, que sexan capaces de transmitir identidades culturais e territoriais diversas, que nos ofrezan sensacións prazenteiras de carácter estético, sensorial, emotivo.

NOTA

¹ www.mma.es/secciones/desarrollo_territorial/paisaje_dt/convenio_paisaje/pdf/CONVENIO_EUROPEO_PAISAJE_Web.pdf

Temos dereito á paisaxe non só porque temos dereito a conservar a nosa identidade, o noso patrimonio cultural, a nosa particular forma de sentir e vivir un territorio, senón porque é un elemento fundamental do noso benestar individual e colectivo, da nosa calidade de vida, en definitiva. A ordenación territorial incorporou ata agora, cando o fixo, a dimensión ambiental. Esta é unha dimensión imprescindible, pero non suficiente: agora trátase de incorporar a dimensión paisaxística, pero non como se leva feito ata o presente en moitos casos, é dicir, como unha simple operación cosmética, senón como un elemento fundamental para mellorar a calidade de vida dos cidadáns e cidadás. A paisaxe é un indicador excelente para valorar, calibrar, detectar non só a “saúde” dun territorio, senón tamén o nivel de cultura, de civildade e de urbanidade dun país, dunha nación. A nova cultura do territorio que demandamos pasa en boa medida por incorporar á ordenación do territorio e ao planeamento urbanístico a filosofía que emana do Convenio Europeo da Paisaxe.

3. A perda da paisaxe nas últimas décadas

O territorio sempre foi modificado pola intervención humana, creando a paisaxe cultural. No decurso do tempo eses cambios fóronse producindo de vagar, en períodos longos, o que propiciou a adaptación e a asimilación; hoxe, en cambio, prodúcese con intensidade e rapidez inusitadas. O modelo tradicional de hábitat diseminado, que se estruturaba de acordo cun sistema rural de unidades produtivas e de centros de intercambio, xa non ten un correlato socioeconómico.

A fuxida da aldea compacta, co binomio automóbil-dispersión como modelo estándar de autonomía e prestixio social, e a expulsión da cidade compacta para subtraerse á carestía da vivenda especulativa, produciron en conxunto unha transformación radical que desbaratou a identidade urbanística e arquitectónica das cidades e de moitas vilas. É a desconstrución da alma e da paisaxe, a vitoria pírrica do “progreso” sobre unha forma máis harmónica de crecemento, pobre por veces, pero ecolóxica e intelixente.

Este acelerado proceso construtivo de grandes áreas do territorio, moi por diante das políticas de dotacións e equipamentos e á marxe da planificación territorial, non está a crear patrimonio. As dúas estéticas que conformaron a Galicia tradicional, rural e urbana, non foron substituídas por outras propias do noso tempo; é dicir, prodúcese un baleiro patrimonial, desfáise a identidade do pasado sen crear elementos identitarios de futuro. Sen unha mínima coordinación entre os plans de ordenación, fóronse formando á toa conglomerados metropolitanos, con alturas, tipoloxías e usos diversos, sen continuidade paisaxística é insostibles economicamente pola enorme dispersión dos servizos. Colectivamente, este proceso crea desagregación social e “queima” o país. Mais non é só un asunto de construción. A Gran Galicia rural das repoboacións e os incendios, das minas a ceo aberto e os parques eólicos,... ten aínda capacidade para a beleza, a condición de sermos quen de poñer un punto final á desfeita.

4. A necesidade de construír paisaxe

O espazo urbano difuso non crea sentimento de pertenza, é efémero, impersoal, banal, pero é unha realidade incontestable. Estas formas anómalas de construír o territorio son antiidentitarias. A cuestión que se formula é: pódense transformar, encher de valor simbólico, asumilas como estilo, patrimonializalas?

O papel da autonomía non consiste só en legislar ou en proxectar investimentos, ten que ser promotora da identidade. Neste contexto, isto significa fomentar en colaboración cos concellos pautas e criterios de crecemento e ordenación do territorio, desenvolvendo documentos supramunicipais que coordinen os intereses locais nun interese común. A gobernanza do territorio supón promover planeamento de calidade, protexer espazos e desenvovelos con directrices territoriais globais, establecer unha política forestal cunha perspectiva de presente e de futuro, poñer orde e limitar os desmandos do crecemento inmobiliario

sobre a franxa litoral mediante os plans da costa, implantar infraestruturas que non sexan simples corredores entre dous extremos, senón articuladoras das áreas que atravesan abrazándoas sen danalas, cohesionar o litoral e o interior, é dicir, as zonas de crecemento e as menos puxantes. Esta política débese proxectar simultaneamente en varias fronteiras, rexenerando e zurcindo a cidade difusa, dotándoa de cohesión e servizos na medida do posible; deseñando novos modelos de mobilidade entre os centros urbanos en función da coherencia interna baseada no transporte público; mostrando que, sen deixar de ser respectuosos co herdado, paisaxe e progreso poden ir da man. En resumo, creando identidades novas de acordo coa realidade do presente, que é como dicir proxectando a realidade do século XXI.

Pero non só iso. A administración e a sociedade, os políticos e a cidadanía deben tomar conciencia do valor do patrimonio territorial. Cando falamos de patrimonio territorial non nos referimos só aos

edificios e os monumentos, as paisaxes idílicas e as reservas da biosfera. Cómpre ver este patrimonio como un capital extraordinario que temos que investir con prudencia, pero tamén coa ambición de crear nova riqueza para o futuro.

Trátase tamén dun proceso cultural e formativo, de ensinar e educar na paisaxe, de formar a nova “sociedade pasaxeira” ensinando nas escolas a respectar o que se ten de bo e dando voz á cidadanía, é dicir, dando responsabilidade; utilizar o potencial didáctico dos medios de comunicación, organizar mostras de arquitectura da paisaxe, aplicar cantas fórmulas fagan posible aprender a valorar a dimensión paisaxística; ensinar tamén a coñecer o ignorado, ese novo territorio rururbano que nos rodea, unha realidade que hai que conter, pero coa que hai que contar, unha realidade que ten que humanizarse e á que temos que adaptarnos. A terra convértese en paisaxe no momento en que a mirada a humaniza; o mirar fainos propietarios do mirado.

O PESO DA HISTORIA TERRITORIAL E URBANA

Xerardo Estévez

O noso territorio, que en conxunto é aínda un dos máis profusamente poboados de España, rexistra desde hai máis dunha década un devalar lento pero imparabile. Os datos de distribución da poboación revelan que Galicia non rompeu totalmente coa articulación territorial histórica e optou por un modelo policéntrico de desenvolvemento, cun desequilibrio patente que beneficia a banda occidental do país.

A urbanización na nosa terra foi relativamente serodia. O período barroco vai ser o de maior expansión urbana, froito dunha intensa actividade construtiva promovida fundamentalmente pola Igrexa, beneficiaria de cuantiosos dezmos, e secundada logo con relativo entusiasmo por unha burguesía urbana, herdeira dos gremios medievais, que vén ocupar o espazo social vacante polo absentismo da aristocracia e a decadencia da fidalguía de raíz rural. Non obstante, o tamaño das poboacións é reducido e mantén unha estrutura que en pouco se distingue da medieval. Cando comeza o século XVIII, coa modernización do trazado viario da península, iníciase o proceso de concentración nas áreas urbanas, pero os estudos demográficos revelan que a finais da centuria só Compostela, A Coruña e Ferrol superaban os 10.000 habitantes. O Ferrol naval dos Borbóns será a avanzada da urbanización ilustrada. A chegada da industrialización, a construción naval, a pesca e a conserva e o comercio exterior implántanse con forza en Vigo e A Coruña, dando orixe a un novo modelo de urbanismo burgués, máis aberto e racional, pero con maior especialización e cunha zonificación social máis marcada.

Desde 1834, a nova planta administrativa que suprime as provincias de Santiago, Tui, Mondoñedo e Betanzos e crea a de Pontevedra determina o asentamento dos órganos de goberno, que se

constitúen en novos focos de poder e, por ende, en novas centralidades. Ao mesmo tempo, a desamortización libera solo para a construción e a formación de espazos públicos. A industria e a administración, co conseguinte cambio dunha sociedade estamental baseada nas rendas da terra a outra de clases, forzarán o corsé das murallas para abrir as cidades. A partir de mediados do século, coincidindo coa promulgación en 1864 da lei de ensanche de poboacións, os sectores máis dotados e emprendedores procuran asento nas novas áreas urbanizadas, con edificios representativos do seu poder, de estrutura e deseño audaces e modernos, con rúas amplas e ben pavimentadas, boas vistas, zonas verdes e servizos públicos. Para organizar este novo esquema xorde a disciplina do planeamento, e xeneralízase a arquitectura de autor. A puxante burguesía urbana impulsa un auténtico capitalismo, do que é corolario un novo proletariado industrial que se aloxa en barrios periféricos, estrictamente segregados, ao tempo que se acentúa a dualidade entre o modelo de cidade marítima e de interior.

Nas primeiras décadas do século XX mantense esta tendencia expansiva e se consolida o valor da centralidade. Durante a primeira metade da centuria o mapa municipal cambia coa anexión polas principais cidades dalgúns concellos limítrofes, e a poboación rural vai afluindo paulatinamente cara aos bordes das estradas. Despois da forzada paréntese da guerra civil e as secuelas da autarquía, nos anos 60-70 as cuantiosas remesas da emigración europea imprimen novo impulso ás cidades. No contexto do chamado “desarrollismo” e rompendo con todas as directrices de planeamento desenvólvense os novos ensanches. Máis alá, pero sempre estreitamente xungidos á trama urbana, xorden

os “polígonos” de vivendas sociais para acoller os primeiros continxentes migratorios que anuncian a imparabile sangría demográfica do medio rural.

A restauración da democracia en 1975 traerá consigo cambios substanciais e o comezo dunha nova era para as cidades. Por unha parte, elabóranse novos instrumentos de planeamento co propósito de frear a marea ascendente de especulación do solo e de ofrecer á poboación calidade de vida; doutra man, considérase necesario asumir novas responsabilidades de gasto para cubrir os déficits de todo tipo. Pero a construción de autopista A9 e das grandes infraestruturas transversais acentúa a escisión entre dúas Galicias: a do litoral, nun proceso de conurbación *in crescendo* –se ben con perdas de poboación nas cidades capitais en beneficio dos concellos periféricos– e a do interior, que perde poboación en termos absolutos. Ao abeiro da bonanza económica empezan a urbanizarse as periferias e aparecen as colonias de vivendas emparelladas en terreos rurais, por veces relativamente afastadas das poboacións. Arredor dos lindeiros dos maiores núcleos urbanos vaise xerando un proceso de *metropolización* espontáneo, que escapa ás imposicións reguladoras do planeamento e trata de eludir as cargas urbanizadoras. Este fenómeno pseudo-metropolitano consolidouse co consentimento xeral, xa que mentres a cidade capital non era quen de conter a escalada do mercado inmobiliario, moitos dos municipios limítrofes acollían o crecemento demográfico sen poñeren trabas urbanísticas. Este modelo adoece de considerables eivas, sobre todo en canto a dotacións de todo tipo, que unha parte da poboación empeza a valorar como parte esencial da noción de calidade de vida.

Dúas preguntas

Cando se reflexiona sobre a práctica territorial dos últimos anos pode cundir certa sensación de pesimismo. Convén por iso ter presente en todo momento a contribución ao progreso material do país que supuxeron a democracia, a autonomía e

os recursos europeos, como pedra angular para superar a precariedade herdada da autarquía a través da implantación de infraestruturas e equipamentos e cunha notable melloría das condicións da vivenda. Mágoa que a natureza e o territorio acabasen pagando os pratos rotos deste incremento do benestar.

Ante isto cabe facer dúas preguntas cabais. A primeira: a que se debe que a falta de consideración ou aprezo cara ao territorio que comezou nos anos sesenta coa primeira oleada inmobiliaria, continúe, aínda que doutro xeito, hoxe en día?

Galicia, na saída dun atraso case precapitalista, sacrificou boa parte do seu potencial humano agrícola que se viu obrigado a partir cara a outros continentes, países ou comunidades, o que supuxo unha perda continuada da poboación –por certo, a máis moza– e, por conseguinte, do seu peso relativo en España. A emigración era a única saída posible para un sector da poboación que non accedeu de feito á propiedade da terra ata 1920. Anos de esforzo, moitas veces agravado pola barreira idiomática, que terminaron polo xeral nunha mellora do estatus persoal dos emigrantes. Pero a carón disto cómpre falar do quebranto cultural dun país que durante décadas viu marchar os seus poboadores en remesas continuas. Atrás quedaban familia, terra e lingua, que eran os sinais de identidade nun medio pobre, mesmo por veces mísero. Os que retornaron, con maior ou menor éxito, atopábanse coas probas deladoras da penuria orixinaria e sentíanse obrigados a vencelas, nunha rebeldía calada que se ía proxectar no territorio e na arquitectura, expresada no transplante de modelos edificatorios dos países de procedencia que evidenciasen a superación dos motivos da súa marcha. Moitos deciden abandonar unhas comarcas interiores que lles ofrecían escasas expectativas por un litoral máis próspero e benigno, o que supuxo un importante basculamento poboacional cara á costa e máis concretamente ás cidades. Pero o máis significativo producíase nesa Galicia urbana ou periurbana a través das plusvalías xeradas por un mercado de solo que avanzaba a expensas dunha

construción e urbanización desordenadas, toleradas por unha administración pasiva. A burguesía, economicamente pouco desenvolvida e ideoloxicamente allea a sentimentos identitarios, abdicou da vontade de estilo que marcara a actividade construtiva do primeiro terzo do século XX sen substituíla por outra posta ao día.

En canto á poboación que ficou no agro, as esixencias da política agraria europea íanlle demandar unha nova racionalidade do sector, primando o peche de explotacións e acoutando as taxas de produción, o que supuxo de novo unha separación da terra. O proceso de perda do sentimento e do equilibrio característico do territorio galego ía por un camiño imparabile.

Esa tónica de aculturación territorial arraigou na sociedade, e tamén nas propias opcións políticas, que non fixeron da cuestión *leitmotiv* da súa estratexia. A partir dos oitenta, en consonancia coa onda española, introdúcese nas cidades e vilas un puxante neoliberalismo urbanístico con altas cotas de especulación. Todo un mundo vinculado á construción e a promoción consegue infiltrar unha forma de ver calquera predio como un ben potencialmente inmobiliario e a adquisición da vivenda empeza a considerarse máis como un investimento rendible que a satisfacción dun dereito ou unha necesidade.

E velaí a segunda pregunta: poderíase ter transformado o país de forma diferente?

O plantexamento que fai Xerardo paréceme correcto dentro do seu inevitable carácter xeral.

Gustárame facer as seguintes observacións/comentarios:

- a) O problema da "urbanización" actual de Galiza, especialmente da occidental, ten, ao meu modo de ver, pouco que ver coa historia, non só por razóns cualitativas, senón sobre todo por razóns cuantitativas. Nos últimos 15 anos estase a construír moito máis (centos de miles de pisos e vivendas unifamiliares) que en toda a historia anterior de Ferrol, Santiago, etc. Isto deriva de algo apuntado no texto, ou sexa, de que o ben inmobiliario deixou de ser un medio de cubrir necesidades habitacionais para pasar a ser un negocio. Iso, en principio, non ten por que ser malo sempre que se produza con certa "mesura". O que sucede é que se está a facer de maneira que eu cualificaría de anormal. En ningún país da Unión Europea parece darse este feito con tanta intensidade. É como se os galegos e galegas quixeran meter os seus aforros, ou os seus "empeños", en investimentos fáciles e con alto rendemento, mais perigosos dende moitos puntos de vista. É que non habería outras alternativas? Estamos condenados a sermos os alugadores de casas de temporada para o resto de Europa e, á vez, destrutores da pouca riqueza agraria e industrial que nos queda? Habería que valorar se ese crecemento non nos pode conducir a unha situación de grave crise económica, identitaria e medioambiental.
- b) A segunda cuestión que quero tocar está en íntima relación co anterior, e quizais debería empezar por ela. Refírome ao cambio da percepción da terra por parte dos fillos e netos de campesiños, ou por parte dos campesiños que quedan (cada vez menos). Para o labrego de antano a terra era un instrumento de traballo (como ben sinalara no seu día Castelao e o Partido Galeguista) fundamental se quería sobrevivir. Pero na actualidade ese valor da terra desapareceu en boa parte. Pasou a terra herdada a ser unha especie de "reserva de capital sine die" porque non produce, mais tampouco xera moitos gastos; ou un lugar para sementar plantas (como eucaliptos) que tampouco dan moito traballo e que permiten, de cando en vez, sacar uns beneficios para cubrir gastos puntuais (a voda dun fillo, a compra dun coche, o pago da entrada dun piso...); por último, unha terceira funcionalidade económica da terra, especialmente no contorno das urbes e do mar, é a de converterse en propiedade edificable (negociable, polo tanto, diante de promotores) cunha alta rendibilidade (lembro que hai uns anos un vello labrego de perto de Santiago díxome que unha tenza de monte antes era monte

"pero agora é solar"). A vella economía campesiña, segundo sinalan estudosos como T. Shanin, perde a súa lóxica diante do mercado capitalista e isto provoca a aparición de novas valoracións da terra nas que prima a rendibilidade, e canto máis inmediata mellor. Isto, ademais, provoca unha dobre moral, pois se valora o antigo, ou as antigas paisaxes e construcións dende un punto de vista "estético" e, pola contra, faise caso omiso desa estética á hora de obter rendementos.

A partir do século XVIII xorden en Europa dúas liñas de pensamento. Unha, que poderíamos chamar "democrática" porque considera que as decisións deben tomarse en función da vontade do pobo, e outra máis "elitista", que parte do principio de que o pobo, en realidade, non ten razón (ten razóns, que non é exactamente o mesmo), e por iso certas minorías "ilustradas" deben orientar as grandes políticas a seguir. No mundo que nos tocou vivir resulta imprescindible contar co apoio da cidadanía, pero tamén debemos considerar que esa cidadanía debe someter a súa vontade individual a uns principios xenéricos que contemplan a situación máis alá do inmediato (que é o que lle interesa ao cidadán concreto). Por iso varios países avanzados de Europa estableceron normas para lograr un equilibrio entre intereses particulares, interese público e "intereses naturais", como a conservación do medio. Non vou caer na inxenuidade de pensar que sexa fácil lograr unha "posición orixinal" (como diría Rawls), ou un punto de partida no que o conxunto da cidadanía se comprometa a aceptar unhas limitacións razoables, ou condicionantes, ao libre exercicio do negocio privado. Pero é preciso intentalo, e para iso contamos con datos subministrados polos saberes dos economistas, especialistas en ordenación do territorio ou naturalistas, que deben ser divulgados e incorporados a normas ordenadoras dunha situación que, no que a Galiza se refire, é bastante caótica e causa numerosos danos ao medio.

Xosé M. Glez. Reboredo, 22 xaneiro

DÓ PAÍS Á PAISAXE

Os desfases entre realidade física e imaxinario social na Galicia do século XXI

Federico López Silvestre

A literatura paisaxista ó xeito de fotografía iluminada con notas de turista burgués, é a maior carniza da nosa paisaxe, que aínda agarda a sensibilidade complexa do noso tempo para ser interpretada.

Manuel Antonio, 1922¹

1. A causa da orixe do termo –trátase dunha expresión inventada por pintores–, a paisaxe definiuse tradicionalmente coma un país representado nun cadro ou coma certa extensión de terreo que adquire unidade e independencia gracias á mirada atenta de alguén que o valora en si mesmo. Valorar o territorio en si mesmo quere dicir estimalo, non en función do que poidamos aproveitar del, senón en función do pracer desinteresado que poida xerar. O espazo exterior que parece en si mesmo, pola súa beleza, o seu atractivo ou o seu especial encanto, chamámolo paisaxe. O que valoramos no seu potencial utilitario, o chamamos país ou territorio.
2. Comecemos polo territorio. Nos últimos cen anos o territorio galego ten cambiado radicalmente. Pódese falar dun proceso imparabile de urbanización das costas e, máis en xeral, das provincias occidentais. Ata tal punto é así que na actualidade cobra forma o que se deu en chamar o Eixo Urbano Atlántico. O Eixo Atlántico é unha rede de polos urbanos que, coas súas respectivas coroas, cobren a superficie do eixo que vai de Ferrol a Tui conformando unha área urbana que se estende case ininterrompidamente ao longo duns 175 quilómetros e nos que encontramos cidades como A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo. O aspecto do país nesa franxa e na costa xa non ten nada que ver co que antano foi Galicia. Por exemplo, na provincia da Coruña actualmente só o 6% da poboación traballa no sector agrícola, e na comarca de Vigo, ademais das tradicionais industrias conserveiras, é o desenvolvemento do sector servizos o que explica o crecemento da cidade e as masivas migracións diarias que dan vida á AP-9 e á Ponte de Rande, todo un símbolo da nosa época.
3. A xeografía humana galega leva alomenos unha década tentando facer fincapé no imparabile fenómeno de transformación do territorio que veño de describir. Numerosos estudos demográficos, económicos e cartográficos poñen de manifesto o enorme cambio que se produciu no país e a eclosión do proceso de *rururbanización*. En todo caso, adaptouse o noso gusto –a idea da paisaxe que compartimos os galegos– a esa nova realidade territorial? Antes de dar resposta a esta cuestión, resulta obrigado facer referencia ao proceso de formación do “estereotipo paisaxístico galego”.
4. Se o ser humano sempre soubo o que podía sacar de proveito da terra, o certo é que só en determinados momentos e nalgunhas culturas comezou a gozar desa forma de pracer desinteresado que chamamos paisaxe. Algúns autores como Venturi Ferriolo ou Raffaele Milani remontan ese modo de disfrute ou recreo ao mundo clásico, a Grecia. Outros como Alain Roger ou Augustin Berque pensan que en Europa só é posible falar do desenvolvemento dunha cultura autenticamente *paisaxeira* a partir do século XV-XVI, cando os pintores comezan a manexar o termo “paisaxe”.

Podemos aceptar ou non estas hipóteses de traballo. O que resulta incuestionable é que en Galicia os síntomas que nos permiten falar do desenvolvemento da sensibilidade paisaxeira (os xardíns, os poemas descritivos, as pinturas, o uso do termo “paisaxe”) só comezan a aparecer con forza e todos xuntos a finais do século XVIII.

5. Inda que nalgúns aspectos xa viña de antes, dende o momento no que a mentada sensibilidade fixo acto de presenza comezou a forxarse o “estereotipo paisaxístico galaico”. A partir do século XIX foron os movementos provincialista, rexionalista e nacionalista, é dicir, as diferentes formas de galeguismo que se solapan no tempo, as que, loxicamente, mostraron en máis ocasións o seu interese por esa terra que consideraban alicerce esencial da nova ideoloxía. Foron fundamentalmente eles os que fomentaron, publicitaron e avalaron a obra dun conxunto de escritores e pintores (de Rosalía a Otero Pedrayo e de Gil Rey a Francisco Llorens) que, unha e outra vez, de maneira insistente, e ao longo de cen anos (de 1833 a 1931) encargáronse de repetir un repertorio concreto de motivos paisaxísticos considerados moi galegos. Entre os ditos motivos destacan, a representación dos bosques escuros e os espesos soutos, o val de brétemas azuis, a costa salvaxe e rochosa, os piñeiros, os castiñeiros e os carballos, a montaña e o ermo. E, entre as paisaxes culturais, os campos de labranza (millo e patacas), os hórreos entre pallozas, os palleiros, os camiños con cruceiros, as ermidas románicas rodeadas de romeiros, o dolmen, as ruínas do medievo dominadas polas torres de vellos castelos, a catedral de Santiago, as terras dos pazos, e as mariñas con portos, rías e barquiños.
6. Este repertorio, que a primeira vista pode parecer moi amplo, limitou o universo galego a unha pequena colección de “postais” ou “fitos” doados de recoñecer: conformou o que podemos chamar o “estereotipo paisaxístico galego”, estereotipo que co tempo pasou a

formar parte do noso “imaxinario social” e en cuxa difusión debeu xogar un papel crucial a emigración. Nas primeiras décadas do século XX dito repertorio comezou a expandirse entre as masas coa axuda dos novos medios de reprodución. Significativo resulta comparar a publicidade turística galega que se fixo dende comezos de século ata a actualidade co repertorio de obras artísticas e literarias mencionado. De feito, a pesar de que pasamos da tela ao papel e do papel ao formato audiovisual, eses motivos seguen, aínda hoxe, moi presentes. Unha anécdota contada por un dos técnicos de Turgalicia –a principal empresa de promoción turística de Galicia– ao que asina, confirma ata que punto *se interiorizou* aquel estereotipo que os diferentes galeguismos axudaron a articular a comezos do século XX. O anuncio de “Galicia Viva” de 2003 feito para mitigar o efecto nefasto do *Prestige* incluía no apartado de grandes lonas para fachadas de Madrid e Barcelona unha paisaxe boscosa. O problema foi que se trataba dun eucaliptal. A resposta popular non se fixo esperar: Turgalicia recibiu nese tempo decenas de chamadas de xente protestando e parte da campaña retirouse. Nada subliña mellor o paradoxo, o desfase entre o “país” e a “paisaxe”: á marxe de que unha parte enorme da superficie galega actual leve anos cuberta de urbanizacións e eucaliptos, a xente segue buscando carballos, castiñeiros e piñeiros, senón na realidade, alomenos si nese mundo de soños composto de cadros, novelas e publicidade.

7. Antes preguntábame se o noso gusto, a idea da paisaxe que compartimos os galegos, se adaptou á nova realidade territorial *rururbana*, chea de eucaliptos e máis difusa, que veñen describindo os xeógrafos e que todos podemos contemplar cando imos pola estrada. Agora, despois de comprobar a forza que teñen os estereotipos herdados da paisaxe galega, podemos dicir que neste aspecto ideas e cousas camiñan por vías separadas dende hai anos. O curioso é que xa van moitas décadas que algúns homes sensibles comezaron a intuír

o que estaba a pasar: mentres a arte, a literatura e a publicidade ían por un lado e limitábanse a recrear ese Paraíso Perdido –esa imaxe da Galicia que antes foi pero que xa non é–, o país –a terra real– non deixaba de evolucionar. Non era preciso dar forma a novas poéticas? Non era o momento de comezar a valorar novas paisaxes? Manuel Antonio non tiña dúbida. Así no manifesto *Máis alá* puido dicir a frase que encabeza este texto.

Nada pon en evidencia con maior claridade o empecinamento co que se veñen repetindo as mesmas paisaxes e o erro daquel historiador da arte que dixo ver nos tópicos *paisaxeiros* mencionados a indiscutible plasmación “dunha paisaxe galega quimicamente pura”, que as obras actuais de Xurxo Lobato ou

Antón Lamazares. Inda que as imaxes destes tamén proceden do noso país, da nosa terra, os seus panoramas galegos captados case ao azar pónennos diante todo iso que nunca puidemos ver na mil veces repetida estampa rexional, nos estereotipos herdados e tan apreciados pola sociedade. Non chegou xa o momento de discutir cómo ser quen de dar forma a unha identidade paisaxística máis nosa, máis axustada coa nova realidade?

E, velaí o problema, é posible facer tal cousa? é dicir, é posible valorar a paisaxe sen contar coa memoria?

NOTA

- ¹ ÁLVARO CEBREIRO e MANUEL ANTONIO: “Máis alá” en *De catro a catro e outros textos*, Vigo, Ed. Xerais, 1992, pp.165-166 –1ª ed. do libro A Cruña, Ed. Nós, 1928; o manifesto é de 1922–.

A paisaxe foi cambiante ao longo dos séculos, ou dos milenios. Por razóns naturais, un cazador paleolítico que vivira hai 15.000 anos aquí, non recoñecería para nada a paisaxe actual como algo familiar, entre outras cousas porque nos vales costeiros onde podía cazar cervos, agora, asolagados polo mar, recóllense berberechos. Máis perto de nós, un campesiño do século XIV ou XV a penas recoñecería como propia a paisaxe con campos de millo e patacais, pois estes cultivos foron introducidos máis tarde. Tamén lle causaría rareza a un galego de hai 150 anos a paisaxe inzada de eucaliptais.

Tendo en conta o anterior, a construción da paisaxe que se fixo entre os s. XIX e XX, e que foi elevada á categoría “paisaxe enxebre”, ou “paisaxe da identidade galega”, é froito dunha visión localizada no tempo. Iso non quere dicir que para nós, na actualidade, non poida conter unhas doses de verdade “necesaria” á hora de definirmos no presente e de ollar cara ao futuro. A cuestión creo que non se debe enfocar soamente dende a perspectiva de que a visión da paisaxe de hai cen anos está anticuada ou desaxustada coa realidade. Paréceme que hai que levala por outro carreiro, preguntándonos se trazos desa paisaxe seguen a ser gratificantes no presente e se, en consecuencia, merece a pena facer un esforzo para conservar eses trazos.

Penso que, malia os problemas que poida presentar esa “paisaxe arcaica e romántica”, podemos facer unha nova lectura dos seus compoñentes coa finalidade de incorporalos, se fose de utilidade, á nosa actual percepción, non só dunha maneira teórico-estética, senón dende un punto de vista práctico. E para iso hai que acudir a criterios que, sen ser absolutamente obxectivos, poden, cando menos, ser obxectivables. O que pretendo dicir é que é posible rescatar varios, diría que bastantes, compoñentes da paisaxe “romántica” para o presente e o futuro en función da súa utilidade ecolóxica, económica, social e estético-cultural. Vexamos algún exemplo:

- a) No terreo das paisaxes vexetais é cousa sabida que as fragas caducifolias, as carballeiras ou os soutos, son moito menos agresivos co chan que os eucaliptais. Ademais, permiten obter madeiras “nobres” (aínda que sexa a longo prazo), froitos como a castaña, e soste unha fauna máis diversificada. Dende o punto de vista paisaxístico, e malia a subxectividade da súa valoración, entendo que presentan unha variedade de formas que resulta menos agresiva á

vista que a uniformidade dunha plantación de eucaliptos, ou de piñeiros, feita con criterios de aproveitamento intensivo do chan. No aspecto negativo podería aducirse a súa menor rendibilidade a curto prazo, mais, se valoramos en conxunto os pros e os contras, entendo que sería boa cousa recompoñer "anacos importantes de paisaxe" con esas formacións vexetais, sen prexuízo de soportar os, polo momento e sen poder precisar ata cando, inevitables piñeirais e eucaliptais de plantación intensiva de maneira controlada.

- b) No terreo das paisaxes máis humanizadas, e moi especialmente nas paisaxes "construídas", resulta práctica habitual en moitos países avanzados de Europa o tratar de manter, adaptados a novas circunstancias, certos trazos herdados do pasado, entre eles o uso de materiais de construción e algunhas formas que permitan aparentar un selo de "identidade" (estiven a punto de escribir "identidade inventada", pero resulta que todas as identidades son "inventadas", e o dilema non está entre inventármolos ou non, senón que nos inventemos nós, cando menos nalgunhas cousas, ou que nos inventen outros). Nesta liña, tamén se deberían manter algunhas destas formas e medios construtivos porque son funcionalmente útiles, esteticamente agradables e identitariamente eficaces.

Podería seguir enumerando exemplos, pero entendo que os indicados abundan para abrir un debate en torno á "reinvencción da paisaxe identitaria de Galiza", unha reinvencción na que creo que é positivo rescatar varios dos trazos elevados no pasado á categoría de "paisaxe auténtica", sempre coa conciencia de que non podemos reproducir o pasado de maneira inmaculada, aínda que si co desexo de que o pasado, como diría Fustel de Coulanges, non debe morrer de todo para nós.

Xosé M. Glez. Reboredo, 16 xaneiro

Economía, política, urbanismo e paisaxe (por esta orde).

Falamos de territorio, paisaxe e identidade na actualidade implica pensarmos nos determinantes económicos e políticos que inciden nos procesos urbanísticos e causan efectos indelebles na paisaxe. Non entro no papel da paisaxe como definidora da nosa identidade, ou na relación da nosa identidade a partir do recoñecemento dunha imaxe que prima un estereotipo ideal do paisaxe galega fronte á situación real. Pero calquera análise sobre a paisaxe, debe necesariamente considerar o cambio do emprego da terra como capital produtivo.

O cambio do rural ao urbano asóciase a un cambio no emprego da terra como factor. Factores como o despoboamento do campo, a redución da produción agraria, e sobre todo a proximidade a núcleos urbanos que permitan a construción de vivendas, ou mesmo a construción como segundas vivendas vacacionais en territorios máis distantes, e a absoluta desconsideración dos responsables da protección do patrimonio natural explican racionalmente os resultados. Quen ten unha leira con uso agrícola ou forestal acada poucos beneficios coa súa explotación, mentres que coa transformación da leira nun solar edificable poderá multiplicar os seus beneficios coa venda ou coa súa edificación.

A terra deixa de ser un ben de consumo (para cultivar, para facer unha casa e vivir nela como dereito, para disfrutar da paisaxe) e convértese nun ben de investimento. A acumulación da riqueza, cando menos de quen a ten, en forma de vivenda construída, ou na adquisición de solares ou de predios susceptibles de ter tal consideración algún día, así como a opacidade deste mercado que posibilita transformar en ladrillos e mesmo branquear cartos negros, xunto coa existencia dun mercado asimétrico no que existen grupos de presión con moito a gañar sentan as bases do deterioro

paisaxístico, dende o momento en que toda paisaxe ou case toda pode ser transformada nunha urbanización de chaletes acosados, para beneficio de moitos axentes interesados. En primeiro lugar tódolos axentes do sector da construción (promotores, arquitectos, construtores, traballadores, empresarios do ramo, subministradores, propietarios de solares), acadan rendas moi por riba das acadadas noutros sectores; en segundo lugar o sector financeiro (beneficiado polo incremento do seu volume de negocio pola subscrición de hipotecas para adquirir e pagar casas, e mesmo de préstamos persoais para financiar outras compras polo peso derivado do pago do piso); en terceiro lugar a administración, que por un lado vende solo da súa titularidade ao mellor ofertante para aumentar os seus ingresos (unha das vías de financiamento dos concellos) e por outro resulta beneficiada polo aumento do PIB do país, do emprego, das rendas asociadas, do consumo e dos impostos recadados. E como escusa, a existencia dunha demanda de pisos e vivendas e o impacto positivo que produce na situación económica do país.

Os prexudicados son tódolos que non entran nesta roda como beneficiarios, xa que estamos nun xogo de suma cero, no que a ganancia duns conséguese a costa das perdas dos outros. As perdas dos que teñen que pagar polas súas casas prezos moi altos (malia ter a cambio un capital con alto valor), e sobre todo as perdas sociais polo deterioro do patrimonio natural, os custos ambientais asociados a un proceso produtivo depredador que non recolle no balance custos-beneficios, a destrución de espazos naturais, a perda en biodiversidade, o transvase dos custos ás xeracións futuras, e a imposibilidade de manter estas taxas de produción no futuro con este esquema. Moito PIB a costa dun Desenvolvemento Humano Sostible. As ganancias presentes son inmensas con só conseguir que o plano de ordenación cambie o carácter da terra, ou mesmo con conseguir o permiso ou a pasividade do concello que autoriza a construción, sempre poderemos alegar que o facemos polo ben do pobo, que creamos riqueza e pretendemos subirnos ao carro do progreso. Cómpre destacar que fronte a esta explotación da terra depredadora e insostible, cabe unha explotación sostible a longo prazo, a rendibilidade continuada (e non acusada) do patrimonio natural e o mantemento de espazos e valores que poidan ser disfrutados no presente mediante unha explotación turística non intensiva, coa intervención dos poderes públicos para garantir a paisaxe das xeracións futuras, asumindo que a riqueza de hoxe non pode acadarse esquilmando o mañá. Todo pasa pola adopción de políticas que potencien estes valores, por políticos que pensen no futuro e non só no seu beneficio ou custo nas vindeiras eleccións, por cidadáns que voten non polo seu peto senón pensando no seu legado. En definitiva, debemos escoller que paisaxe queremos disfrutar e traspasar aos que veñen detrás, e tomar as medidas políticas que protexan ese modelo de paisaxe.

Esta é a razón do título: só partindo de consideracións económicas, e mediante unha actuación política, poderemos protexer, se queremos, a nosa paisaxe.

Fuco Sanjiao, 19 xaneiro

F. López fala, con acerto, das paisaxes estereotipo, bosques escuros, paisaxes boscosas, eucaliptais,... ou da identidade paisaxística mais nosa. Tamén J.M.G Reboredo nomea despois as paisaxes de caducifolias/de eucaliptais.

Para avanzar nisto acompaño o capítulo dun libro noso recente onde tratamos da análise das preferencias sociais actuais en Galicia sobre paisaxes rurais de montaña. Partimos de 46 fotos que se presentaron a 200 entrevistados en febreiro de 2001. O libro titúlase "Beneficios y costes sociales en la conservación de la Red Natura 2000" e os autores somos A. Prada, M.X. Vázquez e M. Soliño. Abondaría con ler as dúas últimas páxinas.

<http://www.museodopobo.es/pdf/Preferenciaspaisaxisticas.pdf>

Albino Prada Blanco, 22 xaneiro

LA EMERGENCIA DE TERRITORIOS SIN DISCURSO Y DE PAISAJES SIN IMAGINARIO

Joan Nogué

Los textos preparados por Xerardo Estévez (*O peso da historia territorial e urbana*) y Federico López Silvestre (*Do país á paisaxe. Os desfases entre realidade física e imaxinario social na Galicia do século XXI*) me remiten a una cuestión sobre la que he estado dando vueltas estos últimos meses: el desfase cada vez mayor entre el paisaje real, el que contemplamos cotidianamente, y el paisaje imaginario, aquél que ha actuado y aún actúa de ‘cánon’ arquetípico y del que nos alejamos cada vez más. Sobre ello voy a reflexionar a continuación y no sólo pensando en Galicia, sino en cualquier rincón de nuestra geografía, empezando por la catalana.

¿Qué ha pasado?

A lo largo de las últimas décadas y en un periodo muy corto de tiempo hemos modificado el territorio como nunca antes habíamos sido capaces de hacerlo y, en general, ello no ha redundado en una mejora de la calidad del paisaje, sino más bien lo contrario. Hemos asistido a un empobrecimiento paisajístico que ha arrojado por la borda buena parte de la idiosincrasia de muchos de nuestros paisajes. Durante este periodo, la dispersión del espacio construido ha provocado una fragmentación territorial de consecuencias ambientales y paisajísticas preocupantes, agravadas por el abandono de la actividad agraria. El crecimiento urbanístico desorganizado, espacialmente incoherente, desordenado y desligado de los asentamientos urbanos tradicionales ha destruido la lógica territorial de muchos rincones de nuestra geografía. Ello, junto con la implantación de determinados equipamientos e infraestructuras pesadas y mal diseñadas, así como la generalización de una arquitectura de baja

calidad estética –en especial en las áreas turísticas y en los asentamientos periurbanos–, ha generado unos paisajes mediocres, dominados cada vez más por la homogeneización y la trivialización. La uniformización y la falta de calidad y originalidad de los tipos de construcciones mayoritarias han producido en muchos lugares un paisaje insensible, aburrido y sin el menor interés, sobre todo en los espacios suburbanos, fronterizos, de transición, en los que la sensación de caos y de desconcierto se vive con más intensidad. En los últimos decenios hemos asistido, en efecto, a la emergencia de territorios sin discurso y de paisajes sin imaginario, precisamente en un país con una enorme y variada riqueza paisajística. Se ha echado en falta durante años una legislación territorial y urbanística sensible a la temática paisajística, pero también una mayor cultura del paisaje en la sociedad.

Y todo ello ha sucedido en el mismo momento en el que se recuperaba la calidad de vida en la ciudad compacta, perdida en los años negros del franquismo. Hemos sido testigos de una curiosa paradoja: justo cuando muchas ciudades, de todos los tamaños, rehabilitaban sus centros históricos y ensanches más significativos y dotaban de servicios y equipamientos a aquellos barrios periféricos abandonados a su suerte, el resto del territorio se degradaba. Hemos sido capaces de pensar la ciudad, pero no el resto del territorio. Hemos actuado con bastante acierto sobre la ciudad, sobre el espacio urbano compacto, pero no hemos sido capaces de hacer lo mismo en el territorio que se extiende más allá de las murallas imaginarias de la ciudad tradicional. Hemos aprendido a conservar el patrimonio histórico y monumental de decenas de cascos

urbanos centenarios sin que ello haya impedido avanzar en la experimentación de nuevas formas arquitectónicas y urbanísticas, pero no hemos sido capaces de hacer lo mismo con la excepcional variedad de paisajes de que dispone el país.

Esta incapacidad para tomar las riendas de un territorio desbocado es la que ha conducido a la fragmentación territorial aludida y al surgimiento de los ya mencionados territorios sin discurso y paisajes sin imaginario; paisajes insensibles, feos, mediocres, cada vez más alejados de lo que un día fueron y, sobre todo, de la imagen que teníamos de ellos.

El abismo entre el paisaje real y el paisaje arquetípico

Parece demostrado que, a menudo, la contemplación del paisaje real contemporáneo está teñida de un paisaje arquetípico transmitido de generación en generación a través de múltiples vías y caminos (pintura de paisaje, fotografía, escuela, medios de comunicación). La falta de legibilidad y la pérdida del imaginario paisajístico de muchos paisajes contemporáneos se debe sin duda a las transformaciones físicas que han sufrido y que ya hemos descrito más arriba, pero ello viene agravado por una fuerte crisis de representación, es decir, por el abismo cada vez mayor entre el paisaje arquetípico transmitido de generación en generación y el paisaje real, cada vez más homogéneo y banal, sobre todo en las periferias urbanas y en las áreas turísticas. Este paisaje arquetípico se habría generado en el marco de un proceso de ‘socialización’ del paisaje que tendría lugar en un momento determinado de la historia y que sería impulsado por una elite literaria y artística procedente de un determinado grupo social, que elaboraría una metáfora y la difundiría al conjunto de la sociedad.

Está por ver, claro está, si la imagen seleccionada era la mayoritaria y cuáles se dejaron de lado, porque debemos admitir que todas ellas, en tanto que representaciones sociales del paisaje, tienen

–tenían– la misma legitimidad social. Sea como fuere, lo cierto es que se produce una socialización de un paisaje arquetípico que nos ha llegado hasta hoy a través de diversas imágenes que han creado un imaginario colectivo, compartido y socialmente aceptado. El arquetipo paisajístico inglés, por ejemplo, es muy potente y, en él, el pasado tiene un peso enorme. Es conocida la habilidad típicamente inglesa para saber mirar el paisaje a través de sus asociaciones con el pasado y por saber evaluar los lugares en función de sus conexiones con la historia. Un paisaje bucólico, pintoresco, ordenado, humanizado, verde y con bosques caducifolios conforma el ideal de belleza paisajística para la mayoría de los ingleses. El paisaje es aquí concebido casi como una vieja antigüedad. David Matles, en su libro *Landscape and Englishness*, publicado no hace mucho, va más allá y muestra cómo el paisaje típicamente inglés es un elemento fundamental de la ‘anglicidad’, es decir la esencia de lo inglés. En Francia, por poner otro caso bien estudiado, Yves Luginbuhl, Augustin Berque, Alain Roger y sobre todo Pierre Nora en el libro colectivo *Les Lieux de mémoire*, entre muchos otros y cada uno a su manera, también apuntan en la misma dirección. Y, en relación con Galicia, el texto de Federico López Silvestre muestra que algo parecido sucedió.

El caso de Cataluña

En Cataluña, los estudiosos del modernismo y del denominado *noucentisme*, han llegado a la misma constatación. Como ya es conocido, entre finales del siglo XIX y el primer tercio del siglo XX se establecieron las bases del pensamiento catalanista contemporáneo. Estas bases se caracterizan, entre otros aspectos, por contener dos raíces hasta cierto punto contradictorias, también en términos paisajísticos: la del modernismo y la del *noucentisme*. La primera responderá a los cánones del nacionalismo romántico de inspiración germánica; la segunda, a un nacionalismo clasicista lleno de referencias a la mediterraneidad y de apariencia más cívica y

de acción. Las dos perspectivas han tenido una notable difusión e incidencia desde un punto de vista territorial y paisajístico, aunque demasiado a menudo esta dimensión pase desapercibida.

Grosso modo, el modernismo y el *noucentisme* generaron los dos arquetipos paisajísticos con los que Cataluña ha convivido a lo largo del último siglo: el de la Cataluña verde, húmeda, pirenaica, de montaña, impulsado por la *Renaixença* y recogido en buena parte por el modernismo, y el de la Cataluña mediterránea, marítima, soleada e intensamente humanizada generado por el *noucentisme*. Dos arquetipos que se han ido alternando, en algunas ocasiones complementándose y en otras excluyéndose.

¿Cuál ha sido el arquetipo predominante?

¿Cuál de los dos discursos paisajísticos ha sido el preferido? Desde mi punto de vista y si nos situamos en el discurso estrictamente ideológico y político, el primero; hegemónico, creo, aún hoy, porque, de hecho, la recuperación de las instituciones democráticas catalanas a partir de 1977 significó no tanto una renovación del discurso ideológico 3identitario de carácter territorial y paisajístico, como una recuperación de aquellas bases generadas siete décadas antes y, más concretamente, el enaltecimiento del paisaje arquetípico de la montaña y, por extensión, de la Cataluña vieja.

Me atrevería a afirmar, además, que la preeminencia del arquetipo paisajístico ya mencionado ha tenido efectos geopolíticos internos indeseables, al infravalorar el paisaje de la Cataluña no asociada al patriotismo, la que no fue escenario de las gestas medievales ni de sus mitos épicos: la Cataluña seca, los territorios del sur del país. Se quejaba a menudo de ello el geógrafo Josep Iglésies, un hombre del sur, al constatar que ni las guías del Centro Excursionista de Cataluña dedicaban la atención debida a la zona, en contraste con una Cataluña vieja muy bien representada desde este punto de vista. Una Cataluña vieja (sobre todo la pirenaica y prepirenaica) en la que encajaba bien el estereotipo paisajístico suizo, que se convirtió en eslogan turístico y que, curiosamente, se aplicó a

diferentes valles y comarcas. El valle de Camprodon era la “Suiza de los barceloneses” en palabras de Carles Bosch de la Trinxeria, pero Víctor Balaguer la aplicó a la Cerdaña, Josep Pleyan de Porta la utilizó para describir el Valle de Aran, Dolors Moncerdà de Macià se sirvió de la misma imagen para cantar la belleza del lago de Banyoles y, en 1908, mosén Gelabert irá más allá y titulará su conocido itinerario turístico por la comarca de Olot *Guia il·lustrada d’Olot y ses valls. La petita Suissa Catalana*.

Los paisajes de referencia que se desprenden del arquetipo paisajístico mayoritario siguen hoy marcando la pauta, aunque es cierto que algunas acertadas decisiones tomadas en el ámbito de las políticas territoriales y ambientales y también de las estrategias turísticas han dado su fruto y han permitido incorporar al club de los paisajes de referencia estereotipados algunos paisajes inexistentes hace solamente 25 años. Me refiero, por ejemplo, a los paisajes de los humedales (los del Ampurdán y los del Delta del Ebro) o los de la viña (pensemos en la Ruta del Císter y en el Priorato), por no hablar de algunos otros ejemplos geográficamente más limitados, como el paisaje volcánico de la Garrotxa, prácticamente olvidado hasta hace un par de décadas. La famosa escuela de pintura de paisaje de Olot no reflejó de una manera evidente y explícita la dimensión volcánica de la zona, mientras que ahora ésta es la que atrae a los visitantes y la que da sentido y coherencia al primer parque natural que se declaró en la Cataluña democrática, el de la zona volcánica. Así pues, los paisajes de referencia se han ampliado, incorporando incluso algunos núcleos urbanos, como el casco antiguo de Girona, entre otros. Eso es cierto y bueno, porque muestra que disponemos de un imaginario colectivo aún relativamente permeable, pero no resuelve –ni en Cataluña ni en Galicia– el reto que tenemos delante y que planteaba hace un momento: el abismo entre el paisaje representado y el paisaje real y la incapacidad de generar nuevos paisajes con los que la gente se pueda identificar; nuevos paisajes de referencia, en definitiva, justamente el reto que plantea Federico López Silvestre al final de su texto.

¿Cómo superar este abismo?

Si el abismo al que hemos estado haciendo referencia se nota en la mayoría de los paisajes, en aquéllos que han sufrido intensas y bruscas transformaciones este abismo entre realidad y representación crece mucho más y la crisis de representación del paisaje arquetípico al que estábamos acostumbrados y que ya no se corresponde con la realidad, se hace aún mayor. Así pues, en la práctica totalidad del territorio, nos enfrentamos con un gran desafío, por no decir un problema: el de ser capaces de dotar de nueva identidad a estos nuevos paisajes o, lo que es lo mismo, el de generar nuevos paisajes con los que la sociedad pueda identificarse. Algunos nuevos paisajes deben poder ser objeto de representación social si queremos resolver esta fractura actualmente existente entre el paisaje real y el paisaje representado. Hasta ahora, y más allá de los núcleos urbanos compactos, no hemos sido capaces de dotar de identidad –la que sea– a unos paisajes caracterizados en su mayor parte por su mediocridad y banalidad. Nos hemos atrevido a proponer intervenciones paisajísticas que no han ido mucho más allá de la pura jardinería, porque no estaban soportadas por un nuevo discurso territorial y, por lo tanto, no nos hemos atrevido a experimentar nuevos usos y cánones estéticos. Puede que haya faltado imaginación, creatividad y sentido del lugar. No lo sé, pero lo cierto es que no hemos sido capaces de generar nuevos paisajes con los que la gente pueda identificarse, nuevos paisajes de referencia; no hemos sido capaces de “reinventar una dramaturgia del paisaje”, en palabras de Paul Virilio.

Nos lo planteábamos el pasado mes de mayo junto con el amigo y catedrático de arquitectura Josep M. Montaner en el marco de la exposición “La Cataluña paisaje”, que preparamos conjuntamente y que tuvo lugar en el edificio de La Pedrera, en el Paseo de Gracia de Barcelona. Las respuestas de los visitantes a las preguntas que les formulábamos en esta línea y que hemos recogido y tratado desde el Observatorio del Paisaje de Cataluña, abonan claramente la

sensación de divorcio, de disociación entre paisaje real y paisaje representado a que he hecho referencia y, por lo tanto, confirman la conveniencia, la necesidad de hacer algo al respecto, sobre todo en estos paisajes tan fracturados y banalizados. En este sentido, yo diría que en estos momentos hay sobre la mesa tres vías, tres opiniones al respecto, tres alternativas, que se traducen también en tres actitudes diferentes:

- a) La vía del *laissez faire*, que ha tenido como resultado el surgimiento de paisajes banales y mediocres en unos territorios sin rumbo y sin personalidad, despojados como están de su carácter primigenio, de su razón de ser. Esta vía la conocemos sobradamente; o por lo menos conocemos sus consecuencias. Responde, como es obvio, a las dinámicas propias del capitalismo inmobiliario que llevamos demasiado tiempo sufriendo y que, por sorprendente que pueda parecer, ha recibido el aval intelectual de algunos artistas, arquitectos y urbanistas envueltos en una supuesta pátina de modernidad, alejada de cualquier compromiso social.
- b) La vía que plantea, pura y simplemente, eliminar del imaginario colectivo los arquetipos paisajísticos, los paisajes tradicionales de referencia, que aún tenemos y que nos vienen de lejos. Hay quien defiende abiertamente esta opción como única vía para resolver de una vez esta crisis de representación, pensando que, eliminado el referente, eliminada la representación y, por lo tanto, eliminado el problema. Matemos al perro para curar la rabia. Esta vía, además de innecesaria, no resuelve el problema.
- c) La vía de la intervención pensada y participada, socialmente consensuada. Ésta es, desde mi punto de vista, la única capaz de revisar –que no aniquilar– los paisajes tradicionales de referencia, ampliando su abanico e introduciendo elementos identitarios que nos han llegado por la vía de la globalización y que se pueden

fusionar perfectamente con los autóctonos. Ésta, creo, es la única manera de generar nuevos paisajes con los que la sociedad pueda identificarse; la única manera de encontrar nuevos paisajes que puedan ser objeto de representación social; la única manera, en definitiva, de superar esta fractura actualmente existente entre paisaje real y paisaje representado. No es fácil reformular el imaginario paisajístico de una sociedad, pero no es imposible, si se piensa colectivamente, si se toma una opción socialmente compartida, en línea con la que propone el Convenio Europeo del Paisaje cuando habla de los objetivos de calidad paisajística.

Así pues, creo que la primera pregunta que se planteaba Xerardo Estévez sobre el porqué de la falta de consideración y aprecio de nuestras sociedades hacia su territorio y

sus paisajes tiene mucho que ver con esta crisis de representación –no resuelta– a la que aludía. Nos hemos acostumbrado a vivir cotidianamente inmersos en paisajes mediocres y banales, dejando para el fin de semana o las vacaciones la contemplación de paisajes ‘auténticos’, con alto valor estético, simbólico e incluso identitario. Y todo ello ha sucedido no sólo por las dinámicas territoriales y económicas ya apuntadas al inicio de este texto, sino también por falta de cultura, de civilidad, si me lo permiten. El estado de un paisaje es uno de los indicadores más fiables del nivel de cultura, de civilidad y de urbanidad de un país. En un país de nuevos ricos –y ahora me estoy refiriendo a España en su conjunto– la cultura, el nivel cultural de sus ciudadanos, ha quedado rezagada. El dinero fácil y la pérdida de valores culturales son los peores enemigos del paisaje. Y así nos va.

PANORÁMICA DA PAISAXE GALEGA E DA SÚA TRANSFORMACIÓN SOCIAL (Do carro e do bus de liña... ó BMW/Audi)

Albino Prada Blanco

Síntese dos materiais previos recibidos

A **situación** actual cualifícase como: *profusamente poboado, conurbación in crescendo, urbanización das periferias, colonias de vivendas afastadas, metropolización..., rururbanización, difuso.*

As **claves** que o explicarían: *ruptura das directrices de planeamento, escapar á regulación, eludir as cargas, sen trabas urbanísticas, administración pasiva, neoliberalismo urbanístico, quebranto cultural, rebeldía calada.*

Situación + Claves = *Modelo rururbano?*

A qué se debe isto?

“*Isto*” para min é un proceso de metástase descontrolada da dispersión nas áreas urbanas litorais (o contrario da cidade tradicional-compacta) máis outro de diseminación das vivendas no medio rural (que non xa agrario) (fronte ó modelo dos núcleos ou aldeas de estrutura compacta).

Os factores que na miña opinión alimentaron esta metástase, nunha aproximación tentativa, serían:

- a oferta e prezos do solo urbanizable cunha mínima accesibilidade
- a chegada dos fogares a un primeiro e a un segundo automóbil
- o abaratamento en termos reais (renda/prezos) dos combustibles nos últimos 20 anos
- a compra cos aforros (internos e das remesas/ retornos migratorios) dunha segunda vivenda (máis efecto euro) como alternativa inversora
- a procura de rendas do negocio turístico non regrado
- a demanda dun espazo de residencia e de ocio alternativo á conxestión urbana e ó compacto especulativo

- a crecente oferta de emprego (non agrario) en espazos periurbanos
- o uso xa virtual das terras agrarias (SAU) e dos montes
- a ausencia de políticas de ordenación territorial a grande e a pequena escala.

Na miña opinión emigración, estradas, aforro e maior renda,... que se disparan a partir dos anos 60 irrompen cun modelo emblemático de mobilidade (o automóbil), e tamén de estatus, que paseniñamente vai permitir a uns fuxir da aldea, será a “arquitectura do desarraigo” da casa illada¹ e sen raíces, e, ós outros, ben evitar os inaccesibles custos directos dunha vivenda na cidade compacta, ben investir nunha segunda vivenda para o ocio semanal-estacional (arquitectura do chalé). Dispersión e diseminación dun parque de vivendas desocupado ou utilizado só esporadicamente.

Nos dous casos os factores sinalados empurraron sen parada ... mais tamén que² “non hai control, o territorio non importa ... había o problema dos concellos de deixaren facer calquera cousa”. O resultado que a transición do carro e do bus de liña ó BMW-Audi se produce nun marco de autodesprezo colectivo (ou papanatismo de novo rico) e de ausencia de institucións (locais, autonómicas e nacionais) que teñan un proxecto social de ordenación do territorio.

Débese e/ou pódese reconducir?

Sobre se se debe a miña opinión é inequívoca: si.

Por razóns de racionalidade en custos sociais e por razóns de insostibilidade (de “isto” o “modelo rururbano” ou o que na literatura investigadora do país que primeiro vendeu e aturou o modelo

da mobilidade automobilística chaman “*custos da dispersión*”). Estou a traballar nun esquema como o que segue para fundamentar tales custos e tal insostibilidade:

	proporción disperso/compacto
1 CUSTOS DIRECTOS	
1.1 do solo	1/n
1.2 edificación	2
2 CUSTOS PÚBLICOS	
2.1 mantemento (auga, saneamento, alumeado, limpeza, transporte escolar, estradas, etc.)	7
2.2 ambientais (pegada ecolóxica, conxestión, accidentes, lumes, inundacións, paisaxe, etc.)	2
2.3 de capital social (asociativo, cultural, coñecemento, empresario, asistencia social ós maiores) ...	1/n
3 CUSTOS PRIVADOS	
3.1 mantemento (calefacción, limpeza, conservación, ...)	2
3.2 transporte (distancia)	>

Pódese avanzar que dos estudos feitos noutros países e dos indicadores dispoñibles para Galicia o resultado é inequívoco: o modelo da metástase dispersa-diseminado é insostible tanto financeiramente como ambientalmente. Presentarei algo desto na sesión pública da mesa redonda do día 3 de febreiro ou, en todo caso, como un texto dispoñible na rede naquelas datas.

Débese, mais... Pódese reconducir?... Faría falla moito e bo goberno e non pouca cultura. Non imos sobrados de ningunha das dúas cousas.

Alguns tópicos para empezar a velo menos escuro serían:

- podería condicionarse a edificabilidade á existencia previa de saneamento e transporte público colectivo?
- poderían os partidos políticos presentar ás vindeiras eleccións municipais propostas definidas (singularmente no modelo de mobilidade) para reconducir a situación?
- podería conseguirse que se cumpriran uns poucos criterios en todo o país en troques de facer máis prohibicións... sobre o papel?
- podería retomarse a anexión de concellos limítrofes ou iniciar xa a planificación metropolitana no urbanismo?

NOTAS

¹ Martínez 2006: 203

² A actual Conselleira de Vivenda antes de selo na p. 174 de Baamonde et al. (2006).

ALGUNHAS REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Baamonde, A. e outros (2006) *Feísmo? Destruir un país*. Difusora de letras, Ourense
- Council on Environmental Quality (1974) *The Costs of Sprawl: Environmental and Economic Costs of Alternative Residential Development Patterns at the Urban Fringe*. Department of Housing and Urban Development, and Environmental Protection Agency, Washington, D.C., Government Printing Office, April 1974
- Martínez Suárez, X.L. (2006) Urbanismo, arquitectura e paisaxe. En Baamonde, A. e outros, *Feísmo? Destruir un país*. Difusora de Letras, Ourense
- Muñiz, I.; García, M.A. e Calatayud, D. (2006) *Sprawl: definición, causas y efectos*. Doc. de Treball 6.3, Dep. Economía Aplicada, Univ. Autònoma de Barcelona www.ecap.uab.es
- Prada, A. (2006) Demografía y Territorio: la población dispersa en Galicia cuadruplica la media española. *La Voz de Galicia* 31-12-2006, p. 12-13

TERRITORIO E IDENTIDADE

Proposta para unha nova filosofía dos parques empresariais

Marcial Gondar Portasany

A. OBXECTIVO XERAL

As distintas administracións deben tomar conciencia de que cando promoven o deseño ou a ampliación dun Parque empresarial non só deben pensar en dar satisfacción ás demandas específicas que as empresas están a facer de cara a acadar as súas necesidades particulares, senón que deben caer na conta de que os Parques, a máis da súa obvia dimensión económica, se están axeitadamente planificados, poden e deben cumprir funcións no campo do psicosocial e do cultural de xeito que se convertan en elementos activos de articulación da vida do país e da propia cidadanía, potenciando un proxecto de desenvolvemento integral do territorio e non só estrictamente económico (produción, distribución e consumo).

B. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Para que o económico e o psico-socio-cultural non se configuren como dous mundos separados e de costas senón que actúen en sinerxía aproveitándose mutuamente das súas respectivas potencialidades, os Parques empresariais deben aspirar a ser:

- un dos motores da construción da identidade do país
- un dos dinamizadores do desenvolvemento dunha cidadanía consciente e crítica
- un dos promotores dun desenvolvemento integral e non concentrado e desequilibrado como está a suceder na actualidade.

a) Motores da construción da identidade do país

No que á conceptualización teórica da identidade se refire, isto é, á imaxe de país que a modo de *imaxe de marca* proxecta sobre propios e foráneos,

Galiza, se pretende instalarse no mundo de forma non subalternizada e anacrónica, ten que superar algunhas eivas:

1. Superar o concepto de *identidade de pasado* por inadecuado para pensar a Galiza de hoxe para pensala en clave de *identidade de futuro*.

A *identidade de pasado* caracterízase por pensar que o que nos une como pobo é ter unha herdanza común. Mentres que era lóxico que xentes como Vicetto, Murguía e, mesmo, a Xeración Nós tratasen de poñer en valor unha identidade referenciada no pasado, dado que esta era a orientación predominante na sociedade na que eles querían incidir, parece fóra de lugar que esteamos a repetir hoxe a mesma mensaxe cando a cosmovisión dos destinatarios do noso discurso cambiou radicalmente. Ou somos quen de contactar cos intereses e formas de pensar que hoxe son dominantes ou a nosa tarefa converterase nun discurso autorreferenciado só capaz de convencer a quen xa o está.

Temos que nos decatarmos de que o pasado non é algo sagrado e intocábel senón un capital para investir, pedras que reciben o seu sentido do valor que teñan para construír o futuro. Cando o pasado non se ve así, o Patrimonio cultural dun pobo convértese nunha especie de *Coros y Danzas* da Sección Femenina que só serve para vender cara a fóra exotismo que posibilite aos turistas safaris fotográficos ou gastronómicos e, cara a dentro, converter a nosa historia e os nosos costumes nun espectáculo festivo que nos faga esquecer os problemas reais da xente. O que nos ten que unir, máis que a nosa historia pasada compartida, é o *proxecto de futuro* que queremos para o noso país. E é neste proxecto de futuro onde debemos poñer

o acento se verdadeiramente queremos potenciar a identidade de Galiza como pobo de seu.

Pero, á hora de definir este proxecto, debemos ter en conta que a sociedade galega actual é particularmente complexa; quere isto dicir que os intereses dos grupos que a compoñen son, moitas veces, antagónicos. De aí que o primeiro que debe facer un proxecto político de país que non pretenda ser enmascarador e identificar os intereses deses grupos (de clase, de xénero, de procedencia, etc.) de xeito que haxa lugar para unha identidade complexa e con relacións sinérxicas entre os distintos segmentos sociais aos que se propón ese modo de vida en común.

Dentro desa complexidade de sectores que caracteriza a vida dos pobos, a economía xoga un papel fundamental. Antes era o sector primario (agricultura e pesca, principalmente) o que era economicamente dominante e, ao tempo, o que coloreaba a cultura do país. Na sociedade actual, son os sectores secundario e de servizos aqueles sobre os que pivota a vida económica e, nembargantes, as formas culturais que maioritariamente se utilizan para *visualizar a imaxe de país*, tanto para os de dentro como para os de fóra, seguen a estar ancoradas na tradición. Optar por unha identidade de futuro implica, entre outras cousas, que se faga un esforzo por rachar con esta disonancia e tratemos de visualizar como formas culturais as que xa están a ser formas económicas hexemónicas. Como é fácil decatarse, cando conseguimos relacionar a imaxe de marca dun determinado produto industrial ou dun conxunto deles coa identidade dun país estamos a facer campaña de fidelización e identificación con ese produto (Coca-Cola = estilo de vida americano). O mundo da industria e os actores socioculturais deben entender que, cando se utiliza un modelo axeitado, potenciar unha imaxe de marca, cos obvios beneficios económicos que isto ten, e activar a identidade dun pobo poden e deben ser a mesma tarefa.

Desde esta óptica “ser galego” non é tanto unha herdanza fixa do pasado como un proceso

de negociación, continuamente en cambio, onde a característica fundamental é o talante democrático activo que, ao tempo que xera confianza, vai conseguindo que a cidadanía que conforma o país viva a súa historia como cousa propia e non como un produto do que é unicamente consumidora e, moitas veces, sufridora e, ao tempo, está a contribuír ao seu desenvolvemento económico e a reforzar o *contexto de instalación* das súas empresas.

2. Superar o concepto de identidade como *feito diferencial*.

Xunto ao erro político, xa sinalado, de pensar que o noso pasado compartido é o que hoxe nos ten que unir como pobo, dáse tamén outro prexuízo que cando se quere levar á práctica política é fonte de importantes pseudoconflitos e malos entendidos que están a bloquear a convivencia interterritorial á hora de loitar por un espazo propio no concerto dos pobos: a de pensar a identidade como un *feito diferencial*.

A identidade dun país, en principio, pode pensarse desde dúas metáforas: a da *circunferencia* e a do *círculo*. Pensar a *identidade como circunferencia* implica crer que son as fronteiras, non só xeográficas senón de todo tipo (lingüísticas, históricas, actitudinais, etc.) as que constitúen as esenciais dos pobos e das culturas. é o que acostuma a denominarse *identidade étnica*. Pensar a *identidade como círculo* significa estar convencido de que son os *contidos* que se activan e non os *lindeiros* os que proporcionan identidade a un país. Seguindo con esta metáfora, nós imos defender que as identidades hainas que pensar como superficie (círculo) e non como liña (circunferencia).

Nembargantes, destas dúas maneiras de pensar, a que está máis instalada na mentalidade dos teóricos sociais, dos políticos, e da propia xente é a da identidade circunferencia, isto é, a identidade diferencial. Por centrarnos na antroploxía política de Galiza, basta revisar os temas dos congresos, os títulos dos libros,

as discusións parlamentares, os ciclos de conferencias e, mesmo, as tópicas preguntas do público na charla máis intranscendente que toque este tema para caer na conta que o tópico de Galiza (obviamente non somos, nin moito menos, os únicos) como feito diferencial está continuamente presente. Basta con atender ás definicións de “nación” que enchen os manuais de teoría política para decatarse de que todas inciden, para selo, na utilidade de ter unha lingua diferente, unha organización do territorio diferente, unha historia e unha psicoloxía tamén distinta á dos outros pobos que nos arrodean. Parece como se só se puidera afirmar con fundamento que tanto máis se é un *pobo de seu*, isto é, con identidade propia, canto máis sexamos quen de demostrar que temos cousas que os outros non teñen, que somos un *sitio distinto*.

O problema desta maneira de ver as cousas, por moi maioritaria que sexa, está en que construír a identidade dun pobo limitándose ás fronteiras está na mesma clase lóxica do propietario dunha finca que gastase todos os seus esforzos e recursos en levantar con todo mimo e coidado o muro que a arrodea mentres deixa que a terra, con tanto esforzo circundada, críe toxos e silveiras. Tan magnífico peche para deixar a agra a monte non parece que pague moito a pena. Fortalecer a auténtica identidade dun país non se logra pola vía de marcar máis ou menos claramente as súas fronteiras e diferenzas cos veciños senón cando conseguimos que ese país estea en grao de ofertar unhas posibilidades que realmente melloren a calidade de vida de quen alí vive.

Unha das razóns da pervivencia de tal conceptualización da identidade posibelmente teña que ver coa utilidade que reporta tanto aos seus defensores como aos detractores especialmente no ámbito do político. A vantaxe que para uns e outros ten esta forma de presentar o problema está en que permite ser utilizada como *efecto pantalla* que, mentres entretén a audiencia, traslada ao fondo do escenario os conflitos reais dos países e das súas xentes. Quen repare na historia electoral recente

deste país poderá caer na conta de como os conflitos de clase, de xénero, de inmigración, etc., etc. tenden a ser practicamente escamoteados do groso do discurso político para converter as campañas en auténticas guerras de identidades baleiras e estereotipadas nas que, desde unha beira, os vascos son *violentos*, os cataláns *egoístas e insolidarios*, etc., mentres que, desde a outra se responde con outros estereotipos diferenciais da mesma caste.

Pensar a *identidade como círculo*, implica atender primariamente ás leiras e non tanto aos lindeiros. Para saber de quen era unha leira, ao veciño experimentado bastáballe reparar en como estaba traballada. Era o xeito de tratar a terra o que permitía descubrir, a quen sabía mirar, a identidade de quen nela se afanara. Dígase o mesmo da identidade dun pobo. Mal se plantexa o futuro dun país se o que nos ocupa é concentrar os nosos esforzos en traballar nas diferenzas deixando nun segundo plano os problemas da xente que ten que vivir dentro deses lindeiros. Cómpre ter claro que as culturas son para a xente e non a xente para as culturas e, polo tanto, o criterio último para decidir sobre a pertinencia de manter ou non un trazo cultural non debe ser a súa pátina temporal nin a súa modernidade senón a pertinencia que teña para solucionar problemas reais da cidadanía. A cultura propia non é algo que debemos asumir e defender por ningún tipo de obriga moral ou histórica; só a súa capacidade de instrumento para mellorar a calidade de vida das persoas lle concede dereitos de pervivencia.

Para que a cultura propia poida ser entendida así, unha das cousas á que cómpre prestar máis atención é a que non actúe como un instrumento de manipulación e mistificación, máis ou menos subliminar, que pretenda presentar como vantaxes da cidadanía o que na realidade son apetencias máis ou menos románticas ou, sobre todo, intereses das multinacionais e dos grupos de presión, tal como está a acontecer con ese interese cada vez máis emerxente de tentar meternos polos ollos esa bandeira ubicua da *ciudadanía do mundo*.

Significa isto que esa aposta por unha identidade moderna para Galiza na que o mundo da empresa tanto ten que dicir debe ir acompañada de espazos e dispositivos que fagan posíbel unha actitude crítica e non sometida fronte a ese espazo da produción e do consumo que caracteriza a modernidade. Tanto as empresas como os gobernos deben entender que fomentar as posicións críticas e reflexivas do consumidor non son ningún atranco para a economía senón o seu mellor aguillón, con tal que non se queira apostar pola chamada cultura do pelotazo.

3. Superar o concepto de Galiza *illada e ensimesmada* para pensala *en relación co mundo no que vivimos*.

Fronte ao que acontecía nas épocas de autosubsistencia, onde as relacións co exterior eran esporádicas e non sempre para ben, no mundo actual, no que todo está interconectado e en dependencia mutua, a cuestión do tamaño dos países (tanto en clave cuantitativa como cualitativa) é de capital importancia se pretendemos instalarnos no mundo en posición non excesivamente subalterna. E así como na economía política interna ninguén pensaría hoxe en converter a “parroquia” en unidade de articulación do territorio por canto, por si soa, non chega a acadar a densidade crítica necesaria nin sequera no plano económico, o mesmo pasa cando pensamos en Galiza como un todo. Se pretendemos contar no contexto internacional, faise preciso que pensemos nunha política exterior orientada a potenciar, redimensionar e mesmo crear redes de alianzas e sinerxías (preferibelmente articuladas en sistemas múltiples) que nos permitan ser competitivos no actual contexto de globalización. Isto que a nivel empresarial é unha obviedade, se queremos que os parques funcionen como motores da identidade do país teremos que ser quen de que actúen en sinerxía con unha cidadanía aberta ao mundo. E isto por dous tipos de razóns. En primeiro lugar porque potenciar as relacións entre os pobos e as culturas fainos medrar como

persoas ao enriquecer o noso mundo vital e as nosas cosmovisións. En segundo lugar porque este enriquecemento humano que trae consigo a apertura a mundos e culturas distintas da nosa mellora notabelmente as potencialidades estritamente económicas.

Pensamos que esta política exterior no que a relacións sociais e culturais propiciadas desde os Parques empresariais se refire (a máis e en sinerxía co que xa vén marcado pola inclusión nas políticas de estado) debера pivotar sobre tres piares: a Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal, Europa e América latina.

Se queremos que a Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal sexa sentida como algo propio por parte da cidadanía portuguesa e galega e non só como proxecto de economistas e técnicos, debe ir acompañada dunha campaña ben planificada (moito menos folklorizante do que é habitual) que teña como obxectivo, aproveitando o rico fondo cultural común que compartimos, potenciar un sentimento de identidade entre as xentes que viven aos dous lados da raia. Tal campaña tería por finalidade prioritaria conseguir que dous pobos que, a pesar desde fondo cultural común, viviron tantos anos de costas, sintan que poden compartir un proxecto común de futuro.

A respecto de Europa (e, nomeadamente, con vistas ás políticas da Unión Europea), cómpre non esquecer que Galiza conta cunha riquísima herdanza común que posúe unha forte capacidade de activación de cara aos proxectos culturais de futuro nos que a UE está metida e, de forma sobranceira, o que se denomina potenciamento dunha identidade europea que sexa compatíbel coas identidades dos pobos que a conforman. O feito de que por Galiza pasen dous dos máis importantes camiños europeos (eses eixes de comunicación que deron orixe ao nacemento histórico da idea de Europa): a Ruta Xacobea e a Ruta Vikinga, permítenos contar cun capital histórico que debemos ser quen de saber poñer en valor ao servizo de proxectos de futuro. Como é fácil ver, contamos neste

eido cun auténtico viveiro de proxectos Galiza-UE que están por activar.

América latina é o terceiro piar desta política cultural no exterior propiciada pola economía que Galiza debe potenciar. Desde hai tempo a política exterior do Estado apostou por converter a España no *broker* que intermediase as políticas de cooperación entre a UE e América latina. Galiza, dado o seu pasado histórico (cómpre poñer en valor que *gallego* supón español en non pequena parte de América latina), está en situación privilexiada para intermediar en clave cultural as políticas de imaxe desa cooperación. Criando institucións apropiadas, ábrese toda unha gama de posibilidades de acción cultural en América tanto autonomamente como en cooperación con dispositivos estatais como pode ser o Instituto de España.

b) Dinamizadores do desenvolvemento dunha cidadanía consciente e crítica

As dinámicas globalizadoras do capitalismo neoliberal basean a súa estratexia nunha *homoxeneización* do mundo e das persoas que tratan de vender como un valor altamente positivo a través do potenciamento do ideoloxema “cidadáns do mundo”.

Por debaixo deste discurso mistificador, o que de feito se está a facer é potenciar os valores de deslocalización, virtualización, inmediatez e insaciabilidade de consumo. Estamos xerando un tipo de cidadáns que perden o *sentido do territorio*, teñen debilitada a capacidade de comparación e, polo tanto, a de ser *críticos* e, sobre todo, basean toda a súa vida no *ter* e non no *ser*.

Se, nestes ámbitos onde se activa a economía dura como son os Parques empresariais, as Administracións fan un esforzo por crear espazos e, mesmo, dinámicas que permitan experimentar as manipulacións que latexan no proceso que vimos de sinalar, estaremos a camiñar cara a dous obxectivos relevantes: mellorar a conciencia crítica da cidadanía e, ao tempo, mellorar a calidade dos produtos e dos servizos por canto o propio cidadán

se vai convertendo nun *axente de control de calidade* posibelmente con máis eficacia que as normas ISO correspondentes.

Para encetar este camiño, os planeadores dos Parques deben considerar a creación de espazos (e as Administracións, en sinerxía cos empresarios, xerar dinámicas) que eleven a competencia do consumidor e, mesmo, o seu protagonismo no deseño do produto. Estes espazos e dinámicas deben funcionar non só como escaparates senón tamén como espazos de coprodución e de deseño.

c) Promotores dun desenvolvemento integral e non concentrado e desequilibrado como está a suceder na actualidade

Especialmente nos últimos tempos, a carreira pola especialización fixo que a humanidade puidese dar verdadeiras alancadas de xigante no que ao progreso se refire. O problema está en que este esforzo por avanzar especializándose trouxo consigo un tal nivel de fragmentación da realidade que cando, como *forma mentis*, pasa á cidadanía convértese nun *modo de estar diante do mundo* que como no caso das árbores non deixan ver o bosque.

O resultado desta dinámica é que non só se desestrutura a realidade senón que nos incapacita para a súa análise. Vai nacendo así un tipo de persoa acrítica, incapaz de entender o sentido das cousas máis alá do mero *know how* e fácil presa fronte ás manipulacións dos máis variados intereses.

Esta forma parcelada e sectorial de considerar a realidade foi transferíndose tamén á forma de ordenar o territorio e ás formas de interacción entre os seus habitantes. Se pretendemos que as empresas non sexan un mero espazo de produción económica senón tamén un instrumento que sirva para formar cidadáns lúcidos, con capacidade crítica e comprometidos co país no que viven, non podemos concibilas como ámbitos de actividade estritamente económica e independente doutras actividades. Non cabe falar pois de *produtos económicos* fronte a outros que non o serían simplemente pola razón de que a economía non debe ser pensada como un fin en si mesmo independente e autónomo, como gusta facer o

neoliberalismo, senón como unha ferramenta para mellorar, no seu máis amplo sentido, as vidas das persoas que viven nun territorio.

En coherencia co que vimos dicindo, os dispositivos económicos hai que pensalos non tanto para funcionar autonomamente senón formando parte das estratexias que se poñen en acción para mellorar a calidade de vida da cidadanía.

Entre os moitos problemas cos que hoxe se ten que defrontar Galiza, non é menor o de mellorar a articulación que a sociedade rural vén establecendo nos últimos tempos co mundo urbano, hoxe hexemónico. Sen que ninguén se atreva a dicilo explicitamente, o mundo urbano está a manter coa Galiza rural un estilo de relación semellante ao que o capitalismo hexemónico mantén con África, que está a xogar o papel de *continente olvidado* cando non expropiado para fins alleos aos seus intereses. Envellecemento acelerado da poboación, despoboamento, falta de autoestima, incremento galopante da taxa de suicidios e de consumo de psicofármacos, etc., etc., son indicadores que a penas están a recibir atención estrutural.

Pero da aldea non só chegan problemas, cando se sabe mirar cos ollos axeitados tamén é posíbel tomar emprastadas estratexias perfectamente aplicábeis a moitos dos problemas do mundo urbano e, nomeadamente, no campo do que estamos a tratar: o das articulacións integrais e non desequilibradas e atomizadas. O estudo da estrutura social do noso vello mundo rural, hoxe en situación de desfeita (sobre todo en ámbitos como son: articulación de traballo e tempo de lecer, espazo produtivo e espazo social, interacción comunidade sociedade, etc.) permítenos tirar ideas, como xa se ten ensaiado noutras partes, para pornos a andar no camiño dun desenvolvemento sostíbel, integrado socialmente e ben máis humanizado do que hoxe nos é accesíbel. Encetar esta viaxe faranos caer na conta de que a mellora dese noso mundo rural, hoxe por hoxe ás nosas costas, significa tamén a mellora do noso propio mundo.

C. PERIGOS A EVITAR

Os espazos industriais e empresariais tenden sempre a plantexarse como *espazos xeradores exclusivamente de economía*. Isto, nembargante, é dubidosamente certo xa que toda intervención deste tipo termina tendo a curto, medio e longo prazo un importante efecto social sobre a sociedade que o recibe. Por sabido que se a súa instalación se leva a cabo no medio rural, isto é aínda máis notorio ao producirse sobre un ecosistema e un sistema social moito máis fráxil.

A primeira consecuencia deste tipo de instalacións é a *transformación radical da paisaxe* que, no modelo de intervención que estamos a propor, constitúe probabelmente o noso maior *activo patrimonial*. O simple feito da ocupación altera de forma substantiva o equilibrio establecido entre as comunidades e o seu entorno, alteración que nunca é considerada, de xeito que as comunidades receptoras non perciben ningún tipo de compensación. Todo o proceso opera exclusivamente mediante un criterio economicista e de propiedade privada, sen ter en conta que o feito da ocupación tamén inflúe no conxunto social e que a súa mera propiedade non debera dar unha patente de curso universal para a realización de calquera tipo de actuación sen pensar nas consecuencias.

En segundo lugar pensamos que hai que considerar que o papel do medio rural vai máis alá do mero reservorio de espazo edificábel (sexa do tipo que sexa a construción que se leva a cabo). Se esta é a súa función exclusiva, o seu irremediábel destino é a desaparición. Isto non quere dicir que esteamos a apostar por manter as sociedades campesiñas como unha especie de fósiles viventes senón constatar que un tipo de urbanización como o que estamos a padecer se o xeneralizamos ate assimilar os poucos espazos *distintos* que aínda quedan no primeiro mundo, levaranos a un empobrecemento total da nosa calidade de vida. *O medio rural non pode ser entendido como o espazo baleiro entre grandes núcleos urbanos* cunha especie de xardineiros provisionais que o coidan mentres non se precisen máis metros para edificar.

O campesiñado non debe ser o receptor resignado (e gratuito) das infraestruturas que non caben ou non interesan no mundo urbano. Sen dúbida teremos que aceptar que o desenvolvemento irá obrigando a utilizar cada vez máis espazo (por máis que estea xa encetado o momento de plantármonos e pensar que o crecemento, como todas as cousas, ten un límite), pero os modelos de crecemento deberán ter en conta o impacto que xeran sobre as comunidades rurais receptoras. Isto obriga a *entrar en diálogo cos principais actores implicados* de xeito que as tensións e os conflitos se transformen en enerxía, a imposición en negociación e os problemas en melloras compartidas tanto para o novo ocupante como para o residente.

D. PROPOSTAS CONCRETAS

a) Elevar á categoría de Patrimonio elementos novos

Cando se pensa tanto no Patrimonio cultural en activo como na posibilidade de “patrimonializar” determinados obxectos culturais, tendemos a dar por obvio que tal obxecto debe estar aureolado pola pátina do tempo. O mundo no que estamos instalados opera coa ecuación Patrimonio = antigo; de aí que, cando nos referimos ao Patrimonio industrial, todo o mundo tende a asocialo con instalacións en desuso que tratan de pórse en valor pola vía de *musealizalas* ou de readaptalas a outros usos. Cando, saltándonos os prexuízos e as modas, nos poñemos a analizar en profundidade o concepto “patrimonio” vemos que a súa esencia é a de ser algo “valioso”, a de constituír un capital, e polo tanto, a de poder utilizalo, investilo, poñelo en valor, etc., de igual forma que se pode facer con calquera outra realidade que teña valor de cambio. Que tal valor lle veña por ser *histórico* ou por ser *novo*, desde o punto de vista do interese patrimonial, é algo totalmente accidental.

Quere isto dicir que cando se está a deseñar o proxecto arquitectónico dun parque industrial, tanto a nivel dos servizos comúns como dos particulares, podemos actuar desde dúas perspectivas: coidando

exclusivamente o valor de uso, isto é, satisfacendo estritamente o que son as necesidades das empresas alí instaladas, ou, sen descoidar este, tratando de que tanto as infraestruturas como os servizos xeren un valor estético engadido. Se se escolle esta segunda vía, estaremos elevando a intervención das empresas no parque industrial de que se trate á categoría de patrimonio cultural por máis que os elementos sexan novos ou estean en vía de proxecto.

Cando unha empresa aposta pola creación dunha infraestrutura produtiva industrial e, ao tempo, por buscar unha singularidade estética especial no proxecto (fundamentalmente arquitectónica in da que non só) está a apostar de forma clara pola patrimonialización da súa empresa. Esta decisión en absoluto é un dispendio senón un investimento: optar por esta *imaxe de marca singular* que consiste en *patrimonializar culturalmente* a empresa implica traballar por un recoñecemento social diferenciado e, polo tanto, estar mellorando o seu posicionamento comercial e, mesmo, empresarial.

Incrementar o valor do investimento pola vía de dotar o proxecto dun valor artístico e cultural intrínseco, a máis da mellora do posicionamento comercial que supón a vinculación co mesmo a través da imaxe de marca, permite que a empresa poida *incorporar actividades terciarias* como o turismo dada a singularidade do proxecto e a súa capacidade de atracción máis alá da súa clientela primaria.

Un terceiro efecto que provoca a opción por unha empresa culturalmente patrimonializada é a mellora da recepción da nova empresa por parte dos habitantes primarios do lugar de instalación. A poboación local, se se desenvolve un traballo de concienciación adecuado, vai pasar de verse como simple reserva de metros cadrados (vender para fuxir) a considerarse como *receptores dun elemento valioso e diferenciador*. Promover esta actitude, a máis de fomentar unha relación positiva coa empresa, contribúe a fortalecer as raíces das xentes do lugar co seu espazo nativo que, no momento actual, están a visualizalo cada vez máis como un espazo de onde, polo menos os novos, deben fuxir.

b) Vincular cada unha das empresas do parque con algún elemento patrimonial tradicional

A maior parte das actividades que teñen lugar nun parque industrial non son totalmente novas senón a evolución de oficios e actividades que tiñan lugar na sociedade tradicional. Sería de desexar que cada unha das empresas ubicadas no parque tivese un pequeno museo no que se visualizase a historia e a evolución da súa actividade produtiva ou comercializadora. O ideal sería que estes museos non só reflectisen a historia local da evolución do produto ou actividade obxecto de mostración, senón tamén a historia internacional e multicultural dos mesmos.

Estes museos-escaparate podían funcionar ademais como espazo social da empresa tanto desde o punto de vista dos seus traballadores como das súas relacións públicas con clientes e visitantes interesados en xeral.

Unha alternativa aos museos de empresa puidera ser un área de museo común que podía consistir nun espazo ao aire libre máis un centro de interpretación no que se relacionasen as actividades produtivas do territorio tanto pasadas como presentes, facendo fincapé na súa relación cos proxectos desenvolvidos nas empresas do parque.

Outro aspecto que podía ser interesante é a vinculación das empresas que quixesen facelo con algún elemento patrimonial existente xa no territorio na liña da súa conservación e posta en valor, incluso, se o elemento en cuestión o permitise, puidera funcionar tamén como espazo social da empresa. A máis da restauración de edificacións tamén sería de interese a posta en actividade con métodos tradicionais dalgunha parcela agrícola gandeira na que, a modo de museo vivente, se reproducise o estilo de vida e produción tradicionais. A elaboración de produtos ecolóxicos e a utilización como escola do medio natural por parte do estudantado de distintas procedencias e niveis educativos a través dos pertinentes convenios aportarían a base económica para a súa sostibilidade.

Esta dimensión tradicional que aporta o museo vivente debera ser complementada cunha ollada á modernidade. A presentación de algún dos procesos industriais presentes no parque por medio de maquetas xigantes transitábeis ou calquera outro formato puideran ser un bo instrumento para que o visitante saia cunha visión global dos procesos ao tempo que se publicitan as marcas presentes no parque.

c) O parque como sitio para “estar”

Para que, máis alá da concentración da produción económica, un parque industrial sexa percibido como un espazo integral, manifestación da sociedade e da cultura, e instrumento que vehicule a identidade co futuro e a multiculturalidade, é preciso que se creen espazos nos que a cidadanía se sinta a gusto.

O deseño dos espazos exteriores e de comunicación entre os “containers” e co exterior pode ser pensado, ao igual que pasaba cos edificios de empresa, atendendo a dous obxectivos: satisfacer as necesidades de comunicación das empresas desde unha perspectiva estritamente económica ou pensando estes espazos como un ámbito non simplemente de paso senón de convivencia e, mesmo, disfrute e lecer. Ser coherentes co obxectivo xeral que nos propuxemos para o parque, implica optar por esta segunda perspectiva.

Os espazos públicos na nosa sociedade tradicional nunca eran de mero tránsito senón de comunicación e intercambio. Fronte ao illamento autista na propia vivenda ou en espazos acoutados de compra e lecer que caracteriza a sociedade moderna, as sociedades campesiñas estaban case que nas antípodas deste tipo de conduta. Salvo en circunstancias moi concretas (climatoloxía, enfermidades, etc.) a casa pouco menos que se reducía a dormitorio. Eran os espazos exteriores onde discorría a meirande parte da vida das persoas: traballo, comunicación, disfrute do tempo libre, etc.

Hoxe, a maior parte das noticias e da información chega a nós cando nos atopamos na esfera

privada (prensa, radio, internet, libros...), antes eran os espazos públicos (muíños, tabernas, lavadoiros, camiños...) as fontes principais de información e de chegada de novidades. A diferenza é notábel. Mentres hoxe o proceso comunicativo é masivamente monodireccional ou, como moito, bidireccional (“interactividade”) entre emisor e receptor, nas sociedades campesiñas calquera tipo de información, ao ser difundida en espazos públicos, xeraba toda unha sinfonía de opinións e puntos de vista distintos que convertían o acto de comunicación nunha actividade polidireccional e xeradora de actitudes e puntos de vista diversos.

Aproveitarnos das ensinanzas da sociedade tradicional para planificar mellor o presente e, centrándonos no que estamos a tratar, converter os espazos de tránsito en espazos de comunicación e vida pasa por:

1. Crear áreas de espaxamento e lecer para a poboación en xeral, tratándose nelas de concatenar o tipo de produción realizado no Parque industrial con actividades lúdicas, obradoiros, reciclaxe, etc.
2. Crear un auditorio ou instalacións de teatro-música semicubertas.
3. Paseos e zonas deportivas
4. Utilizar nas vías de comunicación, especialmente nas rotondas, esculturas que

representen culturas e producións do mundo relacionadas con Galiza que poidan ser integradas na interpretación do Parque industrial como área de visita turística.

Un proxecto innovador como o que aquí estamos a planear, a través do efecto demostración, xera un beneficio engadido que ten unha repercusión comercial importante vinculada á imaxe de marca do proxecto e que se concreta en dous aspectos: no efecto de difusión branca, e por tanto gratuíta, da propaganda e, por outra banda, no feito de dotar o proxecto dun esforzo promocional importante e estratexicamente posicionado, conferíndolle un baño de prestixio.

Este prestixio, que no fondo non é máis que a estratexia de creación de marca, definida e planificada desde o mesmo deseño da creación do proxecto, é o que sustentará unha mellora social e competitiva en tres planos diferentes: a *poboación local*, integrada nun proxecto no que ve como o impacto temido é transformado en elemento reforzador da identidade e, a maiores, potenciador de autoestima e, polo tanto, de cohesión social; as *empresas* radicadas no lugar que ven incrementada a súa competitividade e a *sociedade galega no seu conxunto* que desenvolve un coñecemento innovador e exportábel a outros lugares.

De novo tratarei de achegar algún comentario ao foro. Coa finalidade de abreviar, as miñas matizacións van en conxunto.

1. Con respecto aos comentarios sobre a paisaxe, direi que me estraña que os ponentes (Nogue, etc.) non falen dun asunto de carácter global, pero que afectará a territorios concretos como Galiza. Refírome ao tan debatido cambio climático que, segundo estudos científicos, vai ter lugar nos vindeiros 50/100 anos. Posiblemente os ponentes non pensen as súas propostas a tan longo prazo, mais o certo é que, de cumprirse as previsións (moi discutidas, por certo), a nosa terra pasaría a ter un clima máis "mediterráneo" e menos "atlántico". E iso influirá, de certo, na paisaxe.
2. Lin o texto de Marcial Gondar sobre os parques industriais. Coma sempre, a súa argumentación é brillante e impactante, aínda que dentro dun estilo un tanto "utópico" ou moi "de filósofo". Cando toca terra, na parte final, fai propostas moi suxestivas, aínda que matizábeis. Todo iso de converter os parques empresariais en lugares da memoria e en ámbitos de desenvolvemento dunha cultura para a cidadanía en xeral pode resultar conto de fadas se non se parte de posicións realistas de partida. Por exemplo, a opción de que cada empresa teña un museo é, na maioría dos casos, unha utopía. Mellor resulta, ao meu modo de ver, a idea de crear museos/centros de interpretación e de actividades culturais en cada parque (e xa sería para darse cun canto nos dentes, como se di vulgarmente). Un problema sería o financiamento, que podería ser cuberto se as empresas do parque destinasen, por exemplo, o 0,5%?, o 1%?, a isto (disto xa hai experiencias previas, como as autovías, por certo con pobre resultado por mala planificación). De todas as maneiras, o éxito desta iniciativa dependería de que os empresarios fosen capaces de asumir que o investimento en cultura é rendible na medida que mellora e reforza a imaxe da empresa e do seu contorno. En caso contrario é posible que as empresas paguen, pero considerarán o investimento como unha carga económica máis e non participarán na posta en valor da acción cultural paisaxística. Ademais, este tipo de iniciativas require concienzar a cidadanía e crear nela hábitos propicios á participación. Resulta moi bonita a idea, defendida pola nova museoloxía, de que os espazos-museo teñan máis ben habitantes que visitantes. Pero é preciso implicar, e ilusionar, no proxecto aos actores (empresarios, traballadores, cidadáns). De non ser así crearíamos centros moi "bonitos", pero tamén fósiles inoperantes.

Xosé M. Glez. Reboredo, 24 xaneiro

A PAISAXE E AS INTERVENCIÓNS SOCIALMENTE CONSENSUADAS

Federico López Silvestre

En vésperas da aprobación da primeira Lei da Paisaxe de Galicia, intentarei concentrarme soamente nalgunhas cuestións plantexadas estes días no noso foro de TERRITORIO, PAISAXE E IDENTIDADE.

Paréceme moi interesante o resumo de respostas posibles feito por Joan Nogué á cuestión sobre como superar o desfase entre territorio real e paisaxe imaxinaria. Penso que todos estamos de acordo en que, nin a opción do *laissez faire* (o *liberalismo* apoiado nas teses do NON-PLAN de Hayek), nin a vía que aposta por suprimir os estereotipos do imaxinario colectivo, son modelos a seguir. O tema, polo tanto, consiste en discutir a terceira opción: a vía, moi francesa, da intervención socialmente consensuada na paisaxe.

Neste apartado cabe falar de dúas cuestións relacionadas entre si: a) A de como se deben tomar as decisións nesas intervencións socialmente consensuadas cando se trata de espazos públicos. b) A de ata que punto arranxa o problema da paisaxe o feito de que fagamos intervencións socialmente consensuadas no espazo público estando a maioría do territorio en mans privadas; e a de como debe ser esa lexislación sobre a paisaxe capaz de entrar en terras privadas.

a) En relación coa primeira cuestión: é obvio que nunha democracia os gastos públicos en materia de urbanismo e paisaxe deben ser consensuados: é diñeiro dos cidadáns o que está en xogo e é xusto contar con todo o mundo. Sexa como fora, a sociedade, en xeral, non é ninguén en concreto. A sociedade é, como moito, a vontade da maioría. E, como sabemos, esa vontade en materia de paisaxe, ás veces, deixa un pouco que desexar.

Explícome: as enquisas sobre a paisaxe sempre mostran o gusto da maioría, un gusto que vai

polo moderado, pero tirando moi para abaixo cara o conservador e o coñecido. O certo é que en Galicia non contaríamos con moitas das paisaxes ou fitos paisaxísticos agora recoñecidos como propios e subliñables se no pasado sempre tirásemos cara ao que coincide coa vontade estética da maioría: v.gr., a paisaxe da Torre de Hércules debeu considerarse unha ousadía no seu tempo e agora parécenos imprescindible para completar o noso repertorio de paisaxes encomiables de Galicia.

Creo que, como di Joan, a chave aquí está na noción difícil, filosoficamente cuestionable, pero sen dúbida necesaria de “calidade paisaxística”. Como podemos aspirar ao tempo a esas “paisaxes de calidade” das que fala a Convención Europea da Paisaxe e ter a maioría da xente e da sociedade contenta coa súa paisaxe? No ecolóxico é evidente: respectando uns mínimos que se impoñan cientificamente. No funcional tamén: respectando, como di Marcial Gondar, as necesidades, non só económicas, senón tamén lúdicas e psicosociais dos cidadáns. Pero, como resolvemos a cuestión estética? Como podemos aspirar a esas “paisaxes de calidade” no estético? De ter o diñeiro e as gañas de facelo, será fácil ter a maioría contenta con botar man do coñecido, do manido, do máis consumido. No futuro quizais se poida resolver o problema identificando calidade paisaxística co canon ou arquetipo cultural (o mesmo que se expresa nas enquisas por parte da maioría). Pero, non entraremos así no academicismo paisaxístico? Non pasará na paisaxe o mesmo que pasou na arte de tantas épocas nas que tres mil escultores acabaron facendo e reproducindo a obra dun bo artista do pasado ata aburrir a propios e estraños?

Non sei se é factible ou non –Xerardo pode axudarme neste punto–, en todo caso penso que, cando se trata de proxectos públicos, o modelo seguido en París para a resolución do problema da paisaxe urbana de Les Halles é encomiable. Primeira fase: concurso público aberto para moitos equipos de urbanistas e arquitectos que presentan proxectos de gran calidade; segunda fase: selección de tribunal de expertos de toda Francia que fan unha primeira criba do mellor; terceira fase: entre unha selección de calidade o proxecto gañador decídese mediante sufraxio popular no que participan os habitantes dese barrio en París. Por certo, gañou David Mangin e a Axencia Seura por votación. Eu prefería o de Jean Nouvel e AJN. Pero calquera dos dous era moi bo. Este proceso tan simple garante a identificación da xente coa decisión tomada e, ao tempo, gracias á intervención de bos arquitectos e da comisión de expertos, garante unha calidade e un mirar cara adiante. Xa digo, eu pásome o día entre libros e móvome entre ideas, e sufro porque a maioría das veces estas non se poden levar á realidade. Agora ben, este non é un mal modelo, non?

b) A segunda pregunta que me facía é a seguinte: ata que punto arranxa o problema da paisaxe o feito de que fagamos intervencións socialmente consensuadas no espazo público? O tema é sinxelo. A maior parte da paisaxe estragada está en mans privadas. De que vale que poidamos facer enquisas en relación co espazo público se non podemos facer nada no espazo privado? Aí entra en xogo a nova lexislación que, supoño, nos afecta a todos e impide que ninguén faga o que non debe no seu propio terreo.

Pero, estamos a pensar en legislar de acordo co gusto da maioría? Ese é o obxectivo? Levo moito pensando nisto. Vexo un extremo que son as desfeitas levadas a cabo na paisaxe de Galicia e o resto de España, é dicir, a ausencia total dunha Lei á altura da situación. Noutro extremo vexo Suíza: tan lexislado está o tema da paisaxe nese país que nalgúns cantóns están a piques de facer un decreto que obrigue a poñer ananiños en todos os xardíns privados dos chalés (aínda que soamente en verde e vermello). Sen dúbida, en Galicia agora fai falla legislar un pouco: alomenos fai falla facer un bo catálogo das áreas de interese paisaxístico. Pero o de Suíza é un pouco marcial de máis, non credes?

ÁS VOLTAS DE NOVO COA IDENTIDADE

Marcial Gondar

Dado que o obxectivo do foro pasa por reflexionar sobre as prácticas de xestión e conduta que, tanto desde o punto de vista das distintas administracións como da cidadanía, se están a levar en Galiza no ámbito do territorio e da paisaxe e por aportar achegas, ao menos no noso ver, máis integradoras, penso que sería útil delimitar, inda que só sexa por razóns metodolóxicas, dous planos no discurso: o referido ao estado da cuestión e máis ás alternativas e, por outra parte, unha vez consensuadas as propostas que xurdan no apartado anterior, o das estratexias comunicacionais precisas para trasladar ditas propostas á sociedade.

a) Estado da cuestión e alterativas:

Para evitar que o foro poida converterse nunha especie de zoco do pensamento no que se van amontoando as achegas, penso que sería ben negociar un *punto de vista común* desde o que mirar a poliédrica realidade dos nosos obxectos de reflexión. Propoño (creo que na liña das preguntas que Xerardo nos formulaba) que tal punto de vista sexa o da *identidade*. Aposto por el porque teño para min que entre os factores que están a entorpecer as políticas públicas neste campo (como en moitos outros) non é menor o da falta de reflexión por parte dos políticos (e dos teóricos) sobre o perfil de país polo que queremos apostar. Quen sexa quen de ollar a realidade cun certo desapaixamento poderá comprobar que os modelos de construción da identidade do país bandéanse entre dous extremos: os que agardan que sexan os avatares da xeopolítica do mercado os que a vaian construíndo e os que, ao menos no *discurso proclamado*, apostan por un modelo que ten os seus referentes nun historicismo de corte romántico, desconectado do presente e

dificilmente transportábel á operatividade política. (Como botón de mostra, véxase o encartábel cultural do 125 anos de *La Voz* que está a disposición dos membros do Foro).

Dito isto e pasando ás preguntas que nos traslada Xerardo sobre a identidade, ademais do dito no meu texto que xa figura na rede quixera facer algunhas outras consideracións sobre as dúas primeiras preguntas de Xerardo referidas a Que é a identidade? e Como funciona a identidade?

Identidade como estratexia e non como esencia

A maioría dos teóricos defenden que a identidade dun pobo caracterízase por «compartir valores culturais fundamentais» (lingua, historia, costumes, etc.). Penso que sería máis exacto dicir que os grupos étnicos funcionan *como se* compartiran valores culturais. Pretendo sinalar con isto que, fronte ao que o sentido común (esa función a primeira vista que todos temos) parece indicar, os valores, crenzas, normas, etc., máis que guieiros e compulsos do comportamento, son armas que, dentro das posibilidades da construción social, tratamos de utilizar en beneficio dos nosos intereses particulares.

Consecuencia inmediata disto é que a internalización dos valores e crenzas sociais leva consigo unha distorsión froito desa adaptación aos obxectivos propios que os suxeitos particulares realizan e que isto, por suposto, non é algo que se faga dunha vez por todas senón que pode irse reformulando segundo os contextos.

Sendo isto así e considerando que as remodelacións individuais poden ser mesmo antagónicas paréceme máis consonte coa realidade falar de aparencia, de *como se*, que dun compartir real. Non é preciso insistir en que nada

ten que ver coa verdade do que afirmo o feito de que a práctica totalidade das veces que elaboramos procesos deste tipo non teñamos conciencia temática dos mesmos; é máis, a súa eficacia depende en gran medida do seu ocultamento á conciencia que o practica.

Lévame o dito a unha nova pregunta. Se a identidade dun pobo é na realidade algo esnaquizado, no sentido de que, falando en puridade, existirían tantas como individuos e situacións polas que este pasa, a que ven ese querer dar a impresión de que se trata dun grupo homoxéneo?

Na resposta, ao meu ver, teñen que confluír dúas liñas argumentais; unha de cariz fundamentalmente psicolóxico e outra que ten que ver coa mecánica de acción social.

Comezando pola psicolóxica cómpre non esquecer que os humanos somos animais que só nos sentimos cómodos na permanencia; os cambios, sobre todo aqueles nos que a penas existe parecido con situacións anteriormente vividas, son tan traumáticos que os individuos tratamos sempre de remodelalos para que se parezan o máis posíbel a situacións coñecidas.

A homoxeneidade, por máis que sexa ficticia, é un instrumento para superar a angustia de non saber como comportarse. Ter un grupo ao que pertencer, un territorio e, acaso, unha lingua –e isto vale ate para os que se definen *ciudadáns do mundo*– é unha forma de non ser unha folla levada polo vento, de ter raíces, nunha palabra, de ser alguén. Se temos en conta que *coñecer* é relacionar, e por iso necesitamos as categorías, agora pódese afirmar que *ser* é tamén relacionarse e por iso ninguén pode vivir sen unha identidade colectiva, un tipo de categoría, inda que a finxa baixo a forma de humanidade.

Interésame notar que esa homoxeneidade, esa categoría ou, centrándome no que estou a tratar, esa adscrición e identificación étnica que permite dar sentido ao devalar da vida non ten por que ser estática e, moito menos, única nas distintas situacións polas que pasa o individuo. Cousa distinta é que non todas as fórmulas teñan a mesma capacidade de integración desde o punto de vista psicolóxico.

Se agora pasamos a considerar a perspectiva da acción social veremos que o recurso ao grupo homoxéneo permite solucionar tamén problemas.

O grupo étnico é, como estamos vendo, unha categoría de adscrición e identificación que abre ao que está dentro del a posibilidade de contar cos demais membros como aliados á hora de enfrontarse aos problemas que se lle van presentando ao individuo.

Unha pequena reflexión comparativa pode dar luz ao que estou a dicir. Por que un emigrante que no país onde traballa se define como galego cando está na súa terra identifícase pola parroquia, o municipio ou a bisbarra? Se partimos do potencial de solidariedade que xera a identidade étnica será máis fácil a resposta. Cando un emigrante chega a un país descoñecido onde non coñece «nin camiño nin carreiro» sofre unha sensación de perda tal que o seu primeiro impulso vai ser buscar axuda. Se non conta no lugar con parentes, amigos ou, ao menos, coñecidos vai tratar de entrar en contacto con paisanos. Pero o concepto de país é elástico: paisano é o veciño da súa aldea, parroquia, municipio ou comarca pero tamén as xentes da súa provincia, de Galiza e ate os españois en xeral.

Os lazos de paisanaxe, porén, non teñen todos a mesma densidade. A medida que nos alonxamos do centro –e este vén dado polo seu lugar de orixe– van perdendo intensidade. A estratexia para configurar o grupo de paisanos máis acaído e con respecto ao que o emigrante vaise identificar móvese nunha tensión entre a cercanía ao centro e o número de membros cos que se conta. Definirse como galego é unha solución de medio rango que, utilizando os diacríticos culturais –lingua e costumes propios, sobre todo–, permítelle paliar a falta de paisanos máis próximos e non ter que acudir a grupos con lazos moito menos intensos. As distintas denominacións dos centros de emigrantes (Centro de Ribadavia, Centro Ourensán, Centro Galego, Centro Español) enténdense desde esta óptica.

O galego que está na súa terra, en cambio, pode necesitar menos as identificacións supralocais. Agora ben, a vivencia do espazo identificador

non é a mesma nin en intensidade nin en extensión en todas as persoas. Cando o galego está na súa terra segundo o espazo no que desenvolve a súa vida ordinaria teña unha extensión ou outra e segundo a conciencia que teña da interdependencia do seu microespazo a respecto do exterior vai reclamarse de grupos máis ou menos amplos inda naqueles casos nos que a comunidade histórico-cultural é a mesma.

Inclusive xa no chamado *vello sistema* atopamos estas diferenzas entre comunidades culturais. Mentres v.g. Aragón e Cataluña tiñan na Virxe do Pilar e na Moreneta dous *master symbols* que identificaban a todo o país a través deses santuarios *nacionais* que potenciaban e expresaban a súa identificación como cataláns e aragoneses, Galiza nunca tivo un identificador étnico relixioso –Santiago nunca actuou como tal senón todo o contrario– que cumprise ese papel. O por que radica no baixo grao de conciencia de interdependencia entre os seus membros e grupos que o pobo galego tivo xa desde o pasado.

A falta dese sentido de comunidade supralocal que os galegos tradicionalmente tiveron –e a causa disto non está só na súa estrutura económica e nas características do hábitat senón nos discursos ideolóxicos xerados desde os distintos poderes– explica as actuais dificultades para asumir o discurso identitario xerado case en exclusiva desde os espazos cultos.

Foi a experiencia da emigración a que actuou entre o pobo como un dos principais dinamizadores –o outro, obviamente, foi o político– do sentimento de identidade étnica galega. O feito do distinto comportamento respecto do retorno nos tempos da emigración a América e cando o lugar de destino foi Centroeuropa fixo que a incidencia deste sentimento sobre as xentes que quedan no país fose distinto: mentres na primeira a penas si ten consecuencias, no caso de Europa, dado o maior contacto que se mantén con eles –vacacións, estadias máis curtas, retorno en idades relativamente temperás, etc.– o sentimento de país vai tendo unha certa penetración por máis que osmótica.

De todo o dito séguese que a identidade de pobo, máis que como unha *esencia* que está aí, hai que considerala como unha *estratexia* da que se bota man para conseguir cousas.

b) Estratexias comunicacionais:

Dado que vivimos nun tempo onde xa non é verdade aquela sentenza que afirmaba que “o bo pano na arca se vende”, se pretendemos que as conclusións do foro teñan algunha efectividade, non parece sensato confiar en que as ideas que del poidan saír, trasladadas mecanicamente á sociedade, vaian ter o máis mínimo efecto transformador. Creo que, como fai calquera empresa cos seus produtos, debemos pensar tamén no *packaging*, na forma de envolvelas, para que resulten chamativas.

A mellora do problema que nos ocupa, fronte ao que ás veces se tende a pensar, non é só (nin, se se me apura, primariamente) problema de lexislación e de normativas senón de educación e internalización de valores e esquemas de representación da realidade. Decía un vello mariñeiro comentando unha normativa sobre furtivismos: “Os políticos esquecen que non pescan os barcos, pescan os homes”. O urbanismo, o paisaxismo, a arquitectura, etc., antes de estar na realidade, están na cabeza dos técnicos e, o que é máis importante, na cabeza da cidadanía que a promove, os disfruta ou os padece. Se pretendemos mudar a realidade, este urbanismo e paisaxismo das cabezas dos cidadáns (algo tamén as dos técnicos) é o primeiro que deberíamos defrontar.

O problema está en que a vía racional, aquela na que os técnicos nos sentimos tan cómodos, a que consiste en pensar que con ir debullando razoamentos imos convencer aos outros e cambiar a realidade, augura poucas posibilidades de éxito. Penso que a procura de formas alternativas de sedución é outra das tarefas pendentes se pretendemos ter algunha incidencia social máis aló do titular dunha noticia de axencia.

LOS RETOS DE LA DISPERSIÓN

Joan Nogué

En mi anterior contribución al Foro planteé el abismo existente entre los paisajes reales y los representados y arquetípicos, así como las causas que han conducido a la emergencia de lo que yo denomino ‘territorios sin discurso’ y ‘paisajes sin imaginario’. Muchos de estos territorios y paisajes (no todos) se corresponden con los paisajes de la dispersión, cuyas causas y costes analiza Albino Prada en su contribución a este Foro. La lectura de la misma y la relectura de los textos de Xerardo Estévez y de Federico López Silvestre me llevan ahora a profundizar en los retos conceptuales y metodológicos que nos plantean estos paisajes de la dispersión, reflexión que inicié hace poco –y aún no he concluido– en el libro *Las otras geografías* (2006, Valencia, Tirant lo Blanch) y también, sobre todo por parte de alguno de los coautores, en *La construcción social del paisaje* (2007, Madrid, Biblioteca Nueva).

Entiendo que estos retos son nuevos porque la situación en la que nos encontramos también es nueva: nunca habíamos sido capaces de consumir tanto territorio en tan pocos años (en el caso de la región metropolitana de Barcelona, en treinta años se ha consumido tanto territorio como en toda la historia precedente); nunca habíamos transformado el territorio a la velocidad en que lo hemos hecho estos últimos decenios; nunca habíamos estado tan interconectados con el resto del mundo y, en consecuencia, nunca habíamos recibido y compartido tantos elementos identitarios. He ahí, en definitiva, una situación nueva, que genera unos territorios y unos paisajes también nuevos y que nos enfrenta a nuevos retos conceptuales y metodológicos. Serán seis los retos que plantearé: el de la globalización, el de la hibridación, el de la efimeralidad, el de la legibilidad, el de la invisibilidad y el de la representación. No son los únicos, ciertamente, pero sí algunos de los más significativos. Vamos por el primero, el de la globalización.

El reto de la globalización

Se ha argumentado en alguna ocasión que las nuevas dinámicas territoriales a las que aludimos responden, pura y simplemente, al fenómeno de la globalización. Esto hay que matizarlo. Sin duda alguna, los lugares –y sus paisajes– han recibido el impacto de las telecomunicaciones, de la mayor velocidad de los sistemas de transporte, de la mundialización de los mercados, de la estandarización de las modas, de los productos, de los hábitos de consumo. La identidad de los lugares tradicionales, basada en una ‘cultura territorializada’, en un paisaje identitario, se ha visto, en efecto, trastocada, pero no aniquilada. Con esto quiero decir que los lugares –y sus paisajes– no han desaparecido, a diferencia de lo que creen Marc Augé y otros. Han aparecido ‘no-lugares’ en estos territorios, pero no se ha perdido por completo y en todas partes el sentido de lugar, aunque eso pueda suceder.

A pesar de la creciente homogeneidad de la producción cultural internacional, aún hay muchos y distintos espacios que expresan sentimientos de comunidad, sentimientos de identidad, en definitiva. Las ideas y las imágenes producidas y comercializadas globalmente son percibidas y utilizadas de manera diferente por los seres humanos en diferentes puntos del planeta y al mismo tiempo. No sabemos exactamente por qué esto es así, pero lo cierto es que los seres humanos siguen creando lugares en el espacio y los siguen impregnando de significados: las sociedades contemporáneas, a pesar de todo, redescubren, reivindicando, reinventan lugares y paisajes.

Lo que sí es necesario y conveniente preguntarnos es cómo y de qué manera, en un contexto de globalización galopante, las interconexiones entre las fuerzas globales y las particularidades locales alteran

las relaciones entre identidad, significado y lugar. ¿Hasta qué punto esta globalización afecta y transforma estos lugares? Los modelos de urbanización, las tipologías constructivas, los patrones de ocupación del suelo, la estética de estos territorios fuertemente transformados, de estos territorios densos y sin valores aparentes, quizá se entiendan mejor en el marco de la globalización, pero no es ésta la causante principal de la dispersión. La globalización nos plantea un nuevo reto, sobre todo en términos de legibilidad territorial y descodificación simbólica, pero no es ella, *per se*, la que está afectando de raíz la identidad de nuestros paisajes y provocando la pérdida de sus valores. Suiza, Noruega, Dinamarca o la propia Francia están mucho más inmersas en lo que habitualmente se entiende por globalización y, a pesar de ello, sus paisajes no sufren como los nuestros, sino todo lo contrario. Es, como decía en mi anterior documento distribuido en este Foro, la emergencia del urbanismo salvaje, la ignorancia del nuevo rico o la falta de cultura territorial de muchos gobernantes lo que está cuestionando seriamente la identidad de nuestros paisajes, convirtiéndolos más y más en engendros híbridos, justamente el segundo reto que quería plantear.

El reto de la hibridación

No hay duda de que la estructura y la morfología de muchos de los paisajes del país ha cambiado radicalmente a lo largo de estos últimos años. Hasta hace muy pocas décadas, los distintos usos del suelo tenían unos límites relativamente nítidos: se podía percibir sin demasiada dificultad dónde terminaba la ciudad y dónde empezaba el campo. Los núcleos urbanos se presentaban compactos. A su alrededor, el espacio agrícola ocupaba las tierras fértiles tanto de la llanura más inmediata como de las vertientes de las montañas más cercanas, donde se conseguía ampliar la superficie cultivable a partir de bancales y muros. La zonificación rural, bastante compacta, era clara y consistía, partiendo de forma bastante concéntrica de los pueblos o de las casas de campo, en una zona de huerta irrigada, una zona de secano con cereales, vid y olivares, una zona de prados y de

matorrales donde se practicaba el pastoreo extensivo y, finalmente, una zona forestal, el bosque propiamente dicho.

En la actualidad, la estructura y morfología de los paisajes rurales y periurbanos se caracteriza por una alta fragmentación. La zonificación característica del paisaje tradicional se ha transformado radicalmente y ha derivado hacia una gran dispersión de usos y de cubiertas del suelo. La antigua zonificación se ha difuminado, se ha perdido la claridad en la delimitación zonal, la compacidad se ha roto y ha terminado por imponerse un paisaje mucho más complejo, un paisaje de transición, un paisaje híbrido, cuya lógica discursiva es de mucha más difícil aprehensión, hasta el punto de que nos obliga a preguntarnos a menudo si el *genius loci* correspondiente no ha huido de él; si no habremos cambiado realmente de lugar, de país, parafraseando la excelente obra de David Lowenthal, *The Past is a Foreign Country*. De hecho, cuando se observan con detenimiento los fotogramas del famoso ‘vuelo americano’ de 1956, uno tiene realmente la sensación de estar contemplando otro territorio, de habernos equivocado de país, de fotograma.

Sea como fuere, ahí tenemos el reto de la hibridación, siempre presente en los paisajes de frontera difusa, como son los paisajes de mutación intensa, los paisajes de la dispersión, los *sprawlscapes*, paisajes que ocupan amplias extensiones de territorio en forma de manchas de aceite. Es realmente un reto entender la lógica de esta hibridación y hasta qué punto afecta, altera o genera lugar. Sea cual sea la respuesta, el hecho es que la hibridación incrementa la sensación de efimeralidad, el tercer reto que plantean los paisajes aquí analizados y al que haré referencia a continuación.

El reto de la efimeralidad

La efimeralidad es una categoría que afecta a muchos espacios contemporáneos, en especial los urbanos y los turísticos. Sabemos que nuevos procesos están impactando las ciudades y que estos procesos están marcados por la movilidad, la fluidez, la falta de estabilidad, el imperio de lo efímero, sobre todo entre sus manifestaciones estéticas y lúdicas.

Por otra parte, la reestructuración de la producción, en todos sus ámbitos, ha generado nuevas formas de trabajo que remiten a lo efímero, lo temporal, lo no duradero. Se acentúa, en definitiva, la volatilidad y la efimeralidad de las modas, de los productos, de las técnicas, de los procesos laborales, pero también de las ideas, de las ideologías, de los valores, de los símbolos. Se enfatizan las virtudes de la instantaneidad, de la obsolescencia instantánea. La espacialidad de la efimeralidad y de la fugacidad se está escribiendo continuamente y nosotros mismos formamos parte de ella.

Emergen, en efecto, en los espacios urbanos y sobre todo en los turísticos –a los que pocas veces podemos calificar de ciudad– nuevos paisajes basados en la efimeralidad, y también en la fugacidad. Sin embargo, a mí, personalmente, los paisajes de la dispersión me producen también esta sensación de efimeralidad. Admito que quizá sea una apreciación muy personal, pero no puedo evitar este sentimiento al contemplar el tipo de construcciones, la estética, la trama urbana habitual en estos territorios. El tiempo efímero ha penetrado en estos territorios, complicando aún más, junto con la hibridación, su legibilidad, el cuarto reto que quería presentar.

El reto de la legibilidad

La legibilidad semiótica de los paisajes contemporáneos sometidos a intensas transformaciones es compleja. No es nada fácil la descodificación de sus símbolos. La legibilidad de estos nuevos paisajes es más complicada que la propia del paisaje urbano compacto, aquella que aprendimos de la semiología urbana. En su ya clásico tratado sobre la imagen de la ciudad, Kevin Lynch resaltaba cinco categorías esenciales para la lectura del paisaje urbano convencional: señales, nodos, senderos, umbrales y áreas homogéneas. ¿Qué categorías, qué claves interpretativas permitirían leer hoy el paisaje de la dispersión, el *sprawl*scape? Seguramente existen, y más pensadas para ser leídas en coche que no a pie, pero son, sin duda, más efímeras que las propuestas por Kevin Lynch, y de más difícil legibilidad. No es fácil integrar en una

lógica discursiva clara y comprensible los territorios fracturados y desdibujados de los paisajes de frontera, paisajes que a veces parecen itinerantes, nómadas, porque son repetitivos, porque son los mismos en todas partes. Son los paisajes que alternan sin solución de continuidad adosados, terrenos intersticiales yermos y abandonados, polígonos industriales o simulacros de polígonos industriales, viviendas dispersas, edificaciones efímeras, vertederos incontrolados, cementerios de coches, almacenes precarios, viveros, paredes medianeras dejadas de la mano de Dios, líneas de alta tensión, antenas de telefonía móvil, carteles publicitarios (o sus restos), descampados intermitentes,... en fin, un desorden general, que genera en el ciudadano una desagradable sensación de confusión, de insensibilidad, de desconcierto.

¿Cómo debemos interpretar estos paisajes?

¿Cómo leer estos paisajes, muchos de ellos vacíos, desocupados, aparentemente libres, que parecen tierra de nadie, territorios sin rumbo ni personalidad aparentes? Son espacios indeterminados, de límites imprecisos, de usos inciertos, expectantes, en ocasiones una mezcla entre lo que han dejado de ser y lo que no se sabe si serán. Muchos de ellos son *terrains vagues*, enigmáticos lugares que parecen condenados a un exilio desde el que contemplan, impasibles, los dinámicos circuitos de producción y de consumo de los que han sido apartados y a los que algunos –no todos– volverán algún día. Estos espacios intersticiales invisibles, opacos y abandonados se multiplican en las periferias urbanas, entre y a los lados de autopistas, autovías y cinturones orbitales, todos ellos potentes ejes viarios imprescindibles para que el nuevo sistema urbano funcione esquivando la continua amenaza del colapso. Los territorios parecen no poseer discurso y los paisajes imaginario cuando su legibilidad se vuelve extremadamente compleja, tan compleja que se acerca a la invisibilidad, el quinto reto que quería apuntar.

El reto de la invisibilidad

Cuando no entendemos un paisaje, no lo vemos: lo miramos, pero no lo vemos. Por eso, aunque

no seamos conscientes de ello, aunque no los veamos ni los miremos, lo cierto es que nos movemos cotidianamente entre paisajes incógnitos y territorios ocultos, entre geografías invisibles sólo en apariencia. Las geografías de la invisibilidad –aquellas geografías que están sin estar– marcan también nuestras coordenadas espaciales y temporales, nuestros espacios existenciales. Vemos los paisajes que ‘deseamos’ ver, es decir aquellos que no cuestionan nuestra idea de paisaje, construida socialmente. Buscamos en el paisaje aquellos modelos, aquellos patrones que se ajustan a los que tenemos en nuestro inconsciente colectivo, o que más se aproximan a ellos. Y por eso estos paisajes periféricos y fuertemente transformados son invisibles a los ojos de determinados grupos y sectores sociales.

En el caso de los territorios que han perdido o que están cambiando su discurso, debemos conseguir penetrar en lo invisible a través de lo visible; hacer visible aquello que miramos pero no vemos. ¿Cuál es la llave para aprender a mirar lo que no se ve, para convertirse en una especie de zahorí del paisaje? Hay que ganar la batalla de la invisibilidad, profesionalmente y socialmente. Y es muy probable que ganemos esta batalla a través de la representación. El último reto que quería plantear.

El reto de la representación

No sé en Galicia, pero al menos en Cataluña, en las principales vías de entrada de muchos pueblos y ciudades han proliferado en los últimos tiempos enormes carteles publicitarios en los que se anuncia, ni más ni menos, que la propia localidad a través de una fotografía de la misma. Se trata de una fotografía de dimensiones colosales en la que se muestra la imagen más típica y estereotipada de la ciudad o el pueblo en cuestión. Estos carteles, basados en la reiteración, en la redundancia comunicativa, en un obvio juego de espejos entre realidad y ficción, son una muestra más de que, efectivamente, nos hallamos ya de lleno en una sociedad de la visualización inducida, en la que la construcción de imágenes y, por descontado, de paisajes, ha triunfado. Se nos enseña lo que ya

podríamos ver por nosotros mismos no por puro *citymarketing* barato, ni porque seamos idiotas, sino porque, de acuerdo con lo dicho hace un momento, el paisaje real, para adquirir más relevancia, deber ser ‘mediatizado’; debe pasar por el poderoso filtro de la imagen, a ser posible estereotipada (y, aún mejor, arquetípica). El consumo de los lugares no es completo si antes no hemos consumido visualmente sus imágenes. Sucede con el paisaje algo parecido a lo que Kenneth Gergen planteaba en *El yo saturado* (1992):

“La cuestión no es saber si las relaciones entabladas a través de los medios se aproximan en su significación a las normales, sino más bien si las relaciones normales pueden aproximarse a los poderes del artificio. (...) Las vacaciones dejan de ser *reales* si no las hemos filmado; las bodas se convierten en acontecimientos preparados para la cámara fotográfica y el vídeo; los aficionados al deporte prefieren ver los encuentros por la televisión en lugar de acudir al estadio, ya que lo que ven en la pantalla les parece más próximo a la realidad. Recurrimos cada vez más a los medios, y no a nuestra percepción sensorial, para que nos digan lo que pasa.” (Paidós, p. 85).

El paisaje real se ve substituido cada vez más por su imagen, por su simulacro mediático, olvidando que los paisajes son rostros que revelan formas territoriales y que su verdadera aprehensión precisa de una sensibilidad vivencial y cultural que se genera con mucha más facilidad a través de la auténtica percepción sensorial integral, sólo posible mediante el contacto directo entre el individuo y su entorno. Ahora bien, en los territorios y paisajes a los que aquí aludimos, la imagen –los carteles publicitarios puestos como ejemplo– es, si cabe, aún más necesaria, porque permite eludir una realidad más bien sórdida y remitirnos a un paisaje arquetípico cada vez más alejado del paisaje real, como ya apunté en mi primera contribución a este Foro, con lo que no incidiré en ello.

Globalización, hibridación, efimeralidad, legibilidad, invisibilidad y representación: seis retos, entre otros, que nos plantean los paisajes de la dispersión, los paisajes que merecen no sólo una seria reflexión, sino una rápida actuación.

TRES CUESTIÓN

Xerardo Estévez

1. Natureza, territorio, paisaxe

O home en sociedade, coa súa economía e a súa cultura e coa arquitectura e a agricultura como instrumentos, transformou a natureza e adaptouse a ela, creando a paisaxe rural. Do mesmo xeito, o home urbano, coa súa economía e cultura e coa arquitectura como instrumento, acouta un territorio, transforma o seu medio e dá como resultado a paisaxe urbana.

A paisaxe, no seu sentido máis amplo, é cousa de tres. Por un lado é “iso”, o que nos vén dado: a natureza coa súa xeografía e orografía, que non é unha icona idílica e intocable; é, pola contra, un escenario cambiante, pois incluso os elementos tectónicos, aparentemente estáticos, mudan coas estacións do ano, coas luces de cada día. Por outro, é un “nós” que pode transformala en territorio coa economía e o habitar, e co desafío permanente de propiciar unha cultura que non responda só ao beneficio individual. Por último, é o “eu” da percepción estética e sensorial de cada persoa, que se manifesta colectivamente ao valorar e reclamar a protección de vistas e perspectivas privilexiadas.

2. Galicia: Cidade construída vs. espazos dispersos, difusos-confusos, rururbanos, diluídos...

Paisaxes rotas ou aculturais

Os ensanches urbanos dos anos setenta empezaron a pechar as ventás por onde mirar, destruindo boa parte da arquitectura precedente e creando un novo perfil amurallado no que a memoria das cidades quedou atrapada. Nas últimas décadas a *cidade construída* mellorou considerablemente a través de operacións de renovación e de rehabilitación, non exentas en certos casos dun fachadismo superficial e de excesos kitsch no mobiliario urbano.

En Galicia, o máis parecido a unha área metropolitana redúcese aos *hinterland* inmediatos da Coruña e Vigo, sen alcanzar as cidades de Pontevedra e Ferrol. A apoiatura terciaria constituíuse nun dos *inputs*

máis característicos, ao se converter en centros de decisión que articulan desde o sector servizos boa parte da nova economía.

A carón das zonas metropolitanas aparecen as áreas urbanas de Santiago –centro terciario a nivel galego–, Ferrol e Ourense, conformadas polos municipios capitais e o seu contorno ruralizante. Aquel fenómeno *rururbano* que se manifestou nos anos setenta no asentamento de vivendas unifamiliares arredor das cidades, cunha dedicación parcial á agricultura como complemento do traballo asalariado na industria e os servizos, converteuse nun fenómeno netamente urbano de metropolitanización, a través das sucesivas coroas dos municipios que rodean as principais cidades, e tapiza boa parte dos contornos, vales e outeiros, como expresión máis clara da *cidade confusa*.

Pero o máis característico da metropolitanización foi o traslado do concepto e a morfoloxía dos ensanches dos anos sesenta aos municipios colindantes coa capital, carentes na maioría dos casos dun planeamento minimamente rigoroso, macizando un continuo edificado de baixa cualificación estética que conforma unha *cidade das cidades*. Hoxe en día seguen a colmatarse os espazos intersticiais con alturas, tipoloxías e usos diversos, sen continuidade paisaxística, porque os plans están descoordinados. Os traballadores e os estudantes, os empresarios e as mercadorías, os funcionarios e os turistas, ... discorremos a cotío entre as cidades para realizar as nosas actividades económicas, científicas, de ocio e cultura, pero as relacións políticas interurbanas van por detrás da mobilidade da poboación.

En canto ao sistema de rías, fundamentalmente o de Pontevedra-Arousa-Muros, con economías superpostas que permitiron o seu desenvolvemento, a incidencia do sector turístico ía xerar esa paisaxe salpicada de edificacións desordenadas e mal emprazadas que seguen inzando na banda atlántica, conformando unha *cidade difusa*. As vilas mariñeiras, de tan acusada

personalidade na súa arquitectura e na súa conformación urbanística, modificaron aquel perfil de forma tan significativa que é difícil atopar na actualidade vestixios do seu pasado recente. Ao mesmo tempo, o encontro equilibrado entre terra e mar, o diálogo natural dos elementos integradores do medio físico, empezouse a romper con recheos, paseos marítimos e construcións masivas, que producen unha *paisaxe acultural*. As modificacións paisaxísticas son de tal calado que a Galicia urbana costeira pode ser atractiva ao lonxe, vista desde o mar, pero cando nos aproximamos o resultado é case sempre negativo.

Se a autopista A9, con toda a oposición que no seu día suscitou, serviu para enfiar o sistema urbano do eixe litoral, as autovías non chegaron a cumprir un papel semellante en relación co interior. Ao amparo dunha batería de figuras administrativas –áreas funcionais, eixe interior, áreas de dinamización prioritaria, comarcalización...– o territorio da *Gran Galicia* vaise ocupando pouco a pouco con infraestruturas ferrentes, parques empresariais e eólicos, establecementos de turismo rural,... carentes dun urdido común capaz de evitar que os lucenses e ourensáns máis dinámicos abandonen as localidades de orixe, deixando vacantes as casas que, nun goteo imperceptible, pasan a ocupar forasteiros que procuran zonas de ocio verde, económico e tranquilo. Isto leva a pensar que o medio rural necesita tempo para decidir o que hai que facer, en lugar de ilo enchendo a impulsos de toda clase de banalidades.

A beleza natural foise deteriorando nas áreas máis poboadas ao substituír as especies autóctonas pola repoboación forestal con especies de maior rendibilidade e pola concentración parcelaria, que sucou de forma desapiadada o territorio con brechas hoxe medio asfaltadas que propiciaron, á súa vez, unha maior dispersión da construción. O lugar tradicional sofre unha transformación igualmente dolorosa. O cruce de pautas culturais contrapostas plásmase nunha especie de *realismo sucio*, nun amasillo de modos de vida e de produción expresado no *collage* de materiais e edificacións: aluminio, plástico, ladrillo, cemento, madeira, tella, pedra... é a desconstrución da alma e da paisaxe, a depredación do miúdo, a vitoria pírrica do “progreso” sobre unha forma de construír popular, pobre, pero ecolóxica e intelixente.

Onde aquela Galicia interior se mantén como en suspenso, onde natureza e paisaxe son aínda unha mesma cousa, porque o recibido como don natural foi cultivado sabiamente, desde a austeridade e a dificultade, pola man humana, onde a beleza alcanza o sublime, este panorama aparentemente bucólico enmascara unha situación límite dos indicadores de dinamismo da poboación. É necesario que estas comarcas queden deshabitadas para que se conserve o seu patrimonio?

3. Reflexións corrente calamo a partir dos textos de Marcial Gondar, Federico López Silvestre, Joan Nogué, Albino Prada e Xosé M. G. Reboredo

Quizá sexa atinado o pensamento de John B. Jackson: “A vella granxa ten que afundirse antes de que poidamos restaurala e conducir un estilo de vida alternativo no campo; a paisaxe ten que ser saqueada e despoxada antes de que poidamos restaurar o ecosistema natural; o barrio ten que ser un *slum* antes de que poidamos redescubrilo e utilízalo. Así é como reproducimos o esquema cósmico e a historia correcta” (*The Necessity for Ruins and other Topics*).

- Como xa dixen na miña primeira contribución, diante dun panorama tan pouco alentador, cómpre salientar que a democracia e a autonomía contribuíron ao progreso material do país. O malo é que a natureza e o territorio levaron a peor parte nese incremento do benestar.
- O máis importante é que esa desfeita provoca un baleiro que logo vai necesitar anos e labores de rehabilitación e conservación para chegar a se incorporar á cultura común.
- O que leva feito a nosa xeración expresa o que realmente somos, máis ca o que fomos ou o que debemos ser en materia territorial. É difícil identificarnos coa construción do territorio como unha obra colectiva digna. Sinxelamente, non nos satisfai, aínda que non saibamos ou non usemos a expresalo.
- Se o proceso de destrución que comezara nos anos sesenta coa primeira ola inmobiliaria da ditadura continúa nas actuais circunstancias, cabe pensar que non se trata só dun problema técnico ou político. Máis alá de razóns conxunturais, débense buscar argumentos de tipo histórico, educativo,

sociocultural, cuasi antropológico, para explicar esa falta de consideración cara á paisaxe e ao entorno construído.

3.1 Territoriais

- As redes viarias, máis ca infraestruturas, son verdadeiras estruturas que, segundo sexa o seu criterio construtivo, poden ser un colchón de aire que permita a comunicación, ou ben impedila actuando como segregadoras formando un tecido cosido en cuarteiróns. Poden crear paisaxe ou destruíla.
- A dispersión da construción nas marxes do viario, nunha especie de urbanismo nómade, adoita provocar sucesións interminables de usos diversos ao servizo do que transita, chegando a producir comunidades inconexas.
- A construción masiva de novas urbanizacións, que colonizan o territorio como campamentos romanos, dispón de máis controis e regulacións ca nunca e, a pesar diso, polo xeral é anómica, porque o estándar non se propón cualificar o lugar, senón a súa construción rápida, e todo se parece, como se fose o mesmo espazo, onde se implanta a mesma arquitectura para o mesmo cidadán coas mesmas necesidades. Un planeamento que prescindiu da evocación do lugar, que explana a unha mesma cota, constrúe muros de contención, ocupa todo o chan con cuadrículas edificatorias e baliza as rúas con obxectos banais.
- Como causas da dispersión hai que engadir ás xa citadas: a concentración parcelaria, que converteu leiras en solares; o retorno da emigración que constrúe a vivenda nos contornos da franxa atlántica ou no lugar de orixe, a carón da do seu pai, que destrúe previamente ou deixa abandonada; a incapacidade e inexperiencia das administracións públicas na xestión urbanística, empezando polas primeiras corporacións democráticas dedicadas a xestionar os “primeiros auxilios” en servizos e equipamentos; o fenómeno, extensivo a toda España, da segunda residencia e a fuxida do planeamento...
- O disperso era, dalgunha maneira, unha forma tradicional de asentamento do hábitat galego a través dos lugares e parroquias que, como é sabido,

representan máis da metade das entidades de poboación de toda España. Agora, mentres se baleiran boa parte destas entidades menores, aparece o disperso do disperso, xa non agrupado en lugares e con escaso vínculo colectivo, xa que é ocupado por xeracións desprendidas dos seus antecedentes rurais, por urbanitas amantes do campo ou por segundas residencias de lecer.

3.2 Económicas

- O desurbanizado, como forma insistente de facer territorio na post-e a sobremodernidade, parte do principio de que o mercado e o individuo por si sós poden crear unha racionalidade funcional e unha forma.
- A oleada de inmobiliario máis recente e persistente mantén unha dobre linguaxe económica: a necesidade de obter sempre o beneficio inmediato, mentres se evita botar as contas sobre os despropósitos. Cal é o prezo do disperso? Quen vai manter as hectáreas urbanizadas? Canto custa soste-ner tal cantidade de solo impermeabilizado?
- O desafío non é só tratar de conseguir que a toma de decisións públicas estea máis socializada, sexa máis compartida, senón de facer que o mercado considere como un *input* económico o bo facer territorial e, polo tanto, estea disposto a calcular os custos dos quebrantos.
- Existe unha variable política salientable: aínda que a sensibilización nesta materia non é igual en todas as formacións políticas, hai unha percepción transversal na sociedade e, xa que logo, nos partidos, de que as cuestións territoriais son secundarias. Cando se poñen en práctica medidas agresivas, logo das reaccións inmediatas, a oposición queda reducida aos grupos ecoloxistas, que adoitan ser radicais. A nivel social, o deterioro territorial “hai que velo para crelo”.

3.3 Estéticas e formais

- O belo e o pintoresco foron características inherentes ao territorio, á natureza, á paisaxe, ás costas, ás vilas e cidades de Galicia ata hai poucas décadas, aínda que seguramente as condicións xerais de pobreza, cando non de miseria, impedían o pleno goce estético.

- Á quebra da estética popular que construía campos e arquitecturas, que non conlevaba un pracer estético senón a satisfacción social de transmitir unha sabiduría, e a do gusto burgués pola confección das cidades, que si implicaría un pracer persoal de opulencia, de significación, sucedeu un gusto individual, máis fragmentario, pero curiosamente máis gregario.
- Hai unha contradición: ata mediados do século pasado, beleza non apreciada e pobreza estendida / nos últimos cincuenta anos estropicio e fealdade xunto a benestar. Quizais a inmanente beleza do país, precisamente por non ser un ben escaso, impedira que se prestase ao entorno a debida consideración, infundindo no subconsciente colectivo a suposición de que a cidade e o campo poden con todo.
- A paisaxe contemporánea deriva da perda do sentido que tende a unir as partes que forman o todo. Isto é patente no manexo da topografía e na irrupción do desconstruído e o inacabado. Da cidade compacta que se ía difuminando nos bordes pasouse, cunha práctica do *laissez faire*, a unhas marxes cuarteadas e parceladas. Á superposición exemplar dos estilos arquitectónicos que conformaron o perfil urbano sucédelle hoxe xustamente o contrario, unha contraposición e desencontro entre os volumes e as escalas, rompendo a harmonía e a xerarquía simbólica dos edificios. Aquela rica diversidade reduciuse, en xeral, a dúas formas opostas e moi estendidas de facer cidade, ben cunha *estética do fácil*, manifestada no reiterativo, carente de imaxinación, impersoal, que produce fastío nas rúas, prazas e edificios, ou con outra *estética do difícil*, o rebuscado, expresión dunha nova opulencia en molduras, balaustradas e pedras heráldicas postizas, nunha mirada compracente ao pasado, acrítica e anacrónica, como caricatura do que foi un estilo burgués.
- As potentes estéticas de clase –aristocrática, eclesiástica, burguesa e popular–deron paso, como argumentaba antes, a un baleiro patrimonial. Témonos movido a través do límite da muralla, a victoria da malla sobre a periferia agreste, a exventración, o paralelepípedo e, nos nosos días,

un entorno que seguramente deixará oco para a ruína, que é a nosa recalcitrante memoria chea, en moitos casos, de mala conciencia. Por iso creo que, ao final, a todo se lle acaba perdoando a vida: o que envellece, o abandonado, provoca compaixón, é fiel reflexo do que podemos chegar a ser, invita á restauración e á recuperación para logo volver fragmentar, e así sucesivamente, ir esquecéndonos das nosas desfeitas, xa que a memoria é selectiva e tacha o que non lle interesa.

3.4 Paisaxísticas

- A paisaxe real é aquela na que nos temos afeito a vivir, contribuíndo á súa banalización. Sempre, iso si, coa mirada posta ao lonxe, na paisaxe literaria, imaxinaria. Ambas as dúas coinciden na visión distante: ver a ría desde a outra beira minora o grao de desconformidade, é a paisaxe que poderíamos chamar *nacemento*, que nos gusta, que se insire na natureza, na súa escala inmensa.
- Paisaxes imaxinarias tamén foron as da nosa infancia, cando conectabamos coa natureza a tiro de pedra e magnificábamola en relación coa nosa pequena estatura. Tamén é paisaxe imaxinaria a idealizada desde a emigración, sobre todo a primeira, que non contaba con volver. (A paisaxe intocable é, polo común, a montaña: Jordi Pujol, como o PP galego, subía á montaña; a paisaxe litoral, en cambio, é doadamente transformable, case funxible).
- A paisaxe que construímos non ten discurso, igual cá política, interesa segundo períodos electorais, e ao contrario da economía que si o ten, o interese inmediato sen reparar nos custes ambientais. Esta paisaxe sobremoderna está chea de obxectos dispaes, restos de solares, cableados indiscriminados, medianeiras, edificios illados no medio do campo, farolas fantásticas...

Unha vez máis, unha cuestión final. Ante a insistencia e omnipresencia da dispersión, sería posible, cun exercicio de imaxinación, buscarlle a súa estética, a súa racionalidade económica, de xeito que poidamos chegar a comprender as paisaxes mudas, o baleiro desamparado, incluso os detritus?

DISEMINACIÓN E DISPERSIÓN: CAUSAS E CUSTES

Albino Prada Blanco

Se teño que facer unha excesiva simplificación sobre a dialéctica identidade/territorio nos últimos 50 anos en Galicia, diría:

a) No rural, a fuxida da aldea compacta:

o caso mais obvio vai ser a nova casa dos retornados da emigración sempre acompañada dun automóbil de importación como signo maior do éxito conquirido: separarse da aldea no mental e no físico, utilizando como ferramenta un automóbil nunca visto antes. Outro caso será a emulación deso mesmo por parte dos non emigrados que resisten no rural que, ben por tomaren unha vía empresarial agrícola moderna ou por utilizar o rural como apenas dormitorio (traballo na construción, nos servizos vilegos), van facer do binomio automóbil-dispersión un modelo estándar de autonomía e prestixio social.

b) No urbano, a expulsión da cidade compacta:


agora a fuxida obedece ao encarecemento do espazo residencial no núcleo urbano e á ausencia dunha expansión atraínte do continuo urbano. Poderíamos dicir que neste caso máis que escapar da cidade compacta, escápase da cidade especulativa. Tamén a ferramenta imprescindible aquí é a chegada a posesión de dous automóviles por fogar. E tamén aquí, como no anterior, precisase dun marco institucional (abonda que estea ausente) que permita unha ocupación indiscriminada do territorio.

Chamaría, a un, proceso de diseminación (contra a aldea) e ao outro de dispersión (contra a cidade), pero ambos teñen en común a entronización do individualismo do home-automóbil. Enxértase así dende os anos 60 no país un modelo de mobilidade-desenvolvemento orixinario dos EE.UU. que provoca unha ocupación masiva do territorio. Sobra dicir que nos dous casos tivo que irse tecendo unha rede de camiños, pistas, estradas

locais, etc. mais ou menos asfaltados cunha lonxitude total de asombro (ver Gráfico I). Esta accesibilidade do “piche” ou asfalto vai ser a tea de araña do tsunami centrífugo.

GRAFICO I.

CUOTA GALEGA NA REDE DE ESTRADAS DE ESPAÑA (2005)




Fonte: Elaboración propia sobre CES-Galicia, 2006

A percepción de dominio, independencia, éxito, autosuficiencia,... de tal modelo só precisa dun complemento que palíe a ausencia do “social” que había na aldea ou na cidade. Pero ese complemento-sucedáneo estivo sempre aí empurrando: é a irrupción da televisión nos fogares (hoxe centuplicada por todas as canles e soportes) ... a realidade virtual e imaxinaria na pantalla. Agora importan mais as fiestras internas-virtuais que ten a casa ... que o que se mire e se vexa mover dende as fiestras reais. Esa fiestra virtual vai conformar todas as paisaxes imaxinarias (na infancia máis aínda) que xa deixarán de ser literarias. Xa temos así dous factores poderosísimos que nos foron moldeando dende 1960 ata hoxe: coches e televisores. Como se observa no Gráfico II a presenza dos automóviles nas nosas vivendas e moito mais intensa que no conxunto español.

A motorización das vivendas amósasenos así como condición –e efecto– do tsunami centrífugo: diseminación e dispersión.

GRÁFICO II.
PARQUE AUTOMOVILÍSTICO NAS VIVENDAS



Fonte: Elaboración propia con datos de Movilia (Fomento 2000)

Como non podía ser menos estes dous inventos tiveron tempo –e número– para cambiar a nosa percepción do espazo, da cercanía-lonxanía, do valor da oralidade, do uso do tempo de non traballo,... permitiron unha fuxida a escape do mundo da aldea para uns e do urbano para outros.

Outros factores empurraron con forza na mesma dirección, alimentando esta metástase; nunha aproximación tentativa serían: a oferta e prezos do solo urbanizable cunha mínima accesibilidade, o abaratamento en termos reais (renda/prezos) dos combustibles nos últimos 20 anos, a compra cos aforros (internos e das remesas/retornos migratorios) dunha segunda vivenda (máis efecto euro) como alternativa inversora, a procura de rendas do negocio turístico non regrado, a demanda dun espazo de residencia e de ocio alternativo á conxestión urbana e ao compacto especulativo, a crecente oferta de emprego (non agrario) en espazos periurbanos, o uso xa virtual das terras agrarias e dos montes, a ausencia de políticas de ordenación territorial tanto a grande como a pequena escala

Que hoxe esteamos a cavilar neste pode ser un bo sinal de que teríamos tocado xa fondo nesta fuxida.

E supoño que vai ir medrando a sensación de que temos deixado tiradas, nese camiño, cousas moi valiosas tanto das aldeas como das cidades.


Mais tamén puideran e deberan facernos reflexionar a morea de custos colectivos non explícitos que tal fuxida implica. Custos insostibles para o presuposto público e para a sustentabilidade ambiental, tal como resumía nas páxinas 28 e 29 deste libro.

Cal é a racionalidade económica do “modelo”?, se tivera que resumir diría:

- no privado: consumo obsesivo de mobilidade motorizada e de ocio virtual.
- no social: modelo ruinoso para as facendas públicas e insostible para o medio ambiente.

Os requirimentos de transporte escolar que ten este modelo pode ser un bo exemplo do seu impacto nas finanzas públicas, a visualización no Gráfico III do uso do transporte escolar en Galicia deixa poucas dúbidas sobre a presenza e efectos entre nós da dispersión.


GRÁFICO III.
ALUMNOS QUE USAN TRANSPORTE ESCOLAR (% no 2004)



Fonte: Elaboración propia sobre datos dos Informes do Consejo Escolar del Estado

E como outro exemplo dos custos asociados ás redes de subministros e de saneamentos para ese diseminado e disperso das vivendas galegas, presentamos no Gráfico IV a distribución desigual dos custos do alumeado público no termo municipal de Vigo, entre o núcleo-compacto e as parroquias do continuo diseminado.

GRÁFICO IV.
CUSTES POR HABITANTE DO ALUMEADO PÚBLICO (2005)




Fonte: Fonte: web do Concello de Vigo e Faro de Vigo de 26.11.2006
<http://hoxe.vigo.org/conecenos/estadisticas.php?lang=gal>

Tal é –penso– a racionalidade, tal é a lóxica funcional (para a vida, para a mobilidade) tanto no urbano como no rural dos galegos ao cabo do século XX. Grave asunto para a identidade ...e si a paisaxe é o resultado visual de tal lóxica a etiqueta sería “*piche e puntos de luz*”.

Sen dúbida o documento estratéxico –do que despois de 25 anos de Autonomía aínda carece o país– van ser as Directrices de Ordenación do Territorio. Na súa elaboración creo que se debe partir dun novo modelo de mobilidade (para as persoas, para os produtos), e creo que a actual posta ao día ferroviaria que impulsa o PEIT (Plan Estratégico de Infraestructuras y Transporte) no conxunto de España para o horizonte do 2020 puidera ser unha magnífica “percha” da que colgar unha estratexia centrípeta fronte á dispersión, unha estratexia do compacto urbano, unha estratexia do anel de cidades que conforma esa anovada rede ferroviaria. É así como eu vexo o Gráfico V que intencionadamente non recolle o vector de “acceso” cara/dende Madrid por unha liña AVE Lubián-Ourense-Compostela.

GRÁFICO V.
O ANEL FERROVIARIO CENTRÍPETO E INTERURBANO



Fonte: PEIT

Sen acadar velocidades de novo rico, e mais dada a nosa orografía, para unha velocidade media de 200 km/hora todas as cidades da gráfica quedarían situadas unhas das outras a tempos medios inferiores aos 30 minutos (A Coruña-Compostela, Compostela-Vigo, Pontevedra-Ourense, Ourense-Lugo, Lugo-A Coruña, etc.), polarizando os tráficos cara a nodos e terminais urbanos, aos que se chegaría mediante transporte terrestre colectivo ou deixando o automóbil propio en amplos espacios para aparcadoiros,... e cun modelo de mobilidade que, por riba, pode ser alimentado con enerxía propia, limpa e renovable (electricidade) fronte ao actual modelo dependente dos combustibles fósiles. Un anel centrípeto, urbano e verde fronte á diseminación e a dispersión.

Participantes no foro *Territorio, paisaxe e identidade*

Marcial Gondar Portasany

Universidade de Santiago de Compostela, catedrático de Antropoloxía social

Doutor en Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela e licenciado en Socioloxía pola Universidade La Sapienza de Roma. Membro do Padroado do Museo do Pobo Galego e do IEI; membro da European Association of Social Anthropology. Autor de numerosas publicacións individuais e colectivas, entre as que cabe mencionar *Antropoloxía aplicada*, Santiago, USC, 2003; *Crítica da Razón Galega. Entre o Nós-mesmos e o Nós-outros*, Vigo, A Nosa Terra, 1993; *Espiritados. Ensaíos de Etnopsiquiatría galega* (en colaboración con E. González), Santiago, Laivento, 1992; *Mulleres de mortos. Cara a unha antropoloxía da muller galega*, Vigo, Xerais, 1991; *Romeiros do Alén. Antropoloxía da morte en Galicia*, Vigo, Xerais, 1989; *A Morte*, O Castro, Sada, Museo do Pobo Galego, 1987.

Federico López Silvestre

Universidade de Santiago de Compostela, Depto. de Historia da Arte

Doutor en Historia da Arte e profesor de Historia das Ideas Estéticas Modernas e Contemporáneas pola USC. As súas investigacións xiran en torno á idea da paisaxe, o gusto estético e o cambio da percepción provocado polas novas tecnoloxías no mundo contemporáneo. Entre as súas publicacións destacan os libros *El paisaje virtual. El cine de Hollywood y el neobarroco digital* (2004) e *El discurso del paisaje. Historia cultural de una idea estética en Galicia* (2005); e o capítulo “A xénese da paisaxe” en *A paisaxe contemporánea* (2006). Actualmente dirixe varios proxectos de investigación sobre a paisaxe na USC, entre eles *A percepción da*

paisaxe urbana en Galicia (2005-2006).

É membro da xunta directiva da Asociación de Arte e Estética Contemporánea. Canda a María Luisa Sobrino dirixiu as xornadas *Novas estéticas da paisaxe. O eixo atlántico*, celebradas no CGAC (2006) e a publicación do mesmo título.

Joan Nogué

Universitat de Girona, catedrático de Xeografía humana

É especialista en estudos de paisaxe e en pensamento xeográfico e territorial. En 1984 defendeu na Universitat Autònoma de Barcelona a primeira tese de doutoramento do Estado español sobre percepción da paisaxe. Posteriormente a súa actividade académica neste ámbito veu sendo constante. Dirixiu por encargo do Caixa Fòrum o ciclo *Territoris i Paisatges entre la nostàlgia i la modernitat*, como complemento da magna exposición *Turner i Venècia*. Actualmente dirixe o *Seminari Internacional sobre Paisatge* que a UIMP celebra anualmente en Olot (Girona). Codirixe a colección “Paisaje y teoría” na editorial Biblioteca Nueva de Madrid. En xaneiro de 2005 foi nomeado director do Observatori del Paisatge de Catalunya (www.catpaisatge.net)

Albino Prada Blanco

Universidade de Vigo, Depto. de Economía aplicada

Doutor en Economía e profesor de Economía de Galicia. Chegou á Universidade viguesa no momento da súa fundación, despois de ter exercido na empresa privada e na ensinanza secundaria. En 1979 recibiu o Premio da Crítica Galicia pola obra *A outra economía galega* e, dende entón, ten publicado diversos títulos que afondan no tema,

así como dirixido numerosas investigacións sobre recursos naturais ou problemas ambientais (enerxías renovables, biomasa, mareas negras...). Dirixiu o estudo “Valoración económica del patrimonio natural” para a Fundación Barrié de la Maza (2001). É colaborador de *La Voz de Galicia*.

Coordinador:

Xerardo Estévez

arquitecto

Estudou arquitectura na Escola Técnica Superior de Barcelona. Establecido en 1972 en Compostela, exerceu como arquitecto e urbanista e realizou traballos de investigación sobre arquitectura, planeamento e patrimonio. Entre 1983 e 1998 foi alcalde de Santiago de Compostela. En 1999 reintegrouse á práctica profesional, que simultanea coa actividade como conferenciante e escritor. Colabora con *El País* e *La Voz de Galicia*. É socio do Museo do Pobo Galego e patrón da Fundación Antonio Fraguas Fraguas.



instituto de
estudos das
identidades



Museo do Pobo Galego

Co patrocinio de:



CONSTRUCCIÓN
OTERO POMBO, S.A.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural